

Razóns de peso
Movidas
Clara Gayo



Clara Gayo,
Estaleiro Editora, 2010

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Deseño e maquetación:
Nadina B. S.

Ilustracións:
Cristina F.

Depósito Legal:
ISBN: 978-84-613-7295-9
Impreso en: Publidisa



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor e da editora.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.



Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

| MOVIDAS |
| RAZÓNS DE PESO |

Clara Gayo

| ÍNDICE |

Movidas, 7

Razóns de peso, 55

| **MOVIDAS** |



A todas as compañeiras e compañeiros do obradoiro de dramaturxia onde inicié esta escrita, que soportaron as miñas bágoas e a miña frustración e foron quen de animarme a rematar esta historia.

A Paco Zarzoso e Abel Neves pola súa mirada sabia e xenerosa.

Grazas, Goretti. Grazas, Vitor.

Esta obra foi amosada en público como lectura dramatizada en marzo do 2008 na SALA NASA pola compañía CHÉVERE co seguinte elenco:

ESTRELLA: Patricia de Lorenzo

MÓNICA/XORNALISTA: Arantza Villar

PEQUENA/PAXARIÑO/LUCIA: Natalia Outeiro

SOLEDAD: Margarita Alborés

ORFEBRE/PALLASO/BERNARDO: Manuel Cortés

DIRECCIÓN: Xron

| PERSONAXES |

Lucía, Pequena, Paxariño

Mónica, a súa irmá

Estrella, nai das dúas

Soledad, nai de Estrella

Orfebre

Pallaso

Bernardo

NOTA: Lucía, Pequena e Paxariño son o mesmo personaxe.

Os personaxes masculinos han ser encarnados polo mesmo actor. O mesmo acontece cos personaxes de Mónica e Xornalista.

As accións propostas nas cotas son iso: propostas.



(Fundido a luz. Na escena baleira, Lucía dorme nun sofá de tres prazas. Escóitase o rumor dunha tele. Fundido a escuro.)

(De cara ao público, Pequena subida ao sofá, le unha redacción)

PEQUENA: : Eu vivo nunha casa que é un piso moi alto, que está nunha rúa, que está nunha cidade, que está nun país, que está nun continente, que está nun planeta. Desde a xanela do meu cuarto, podo ver o ceo e as nubes e as estrelas de noite e mentres miro, penso nas miñas cousas ou conto até cen. Ás veces miro a cara das persoas, elas non me ven a min porque non lles cadra, só me miran se fago cousas malas pero eu non sei seguro que cousas son malas e que cousas son boas. As persoas maiores si que o saben. E cando unha persoa maior fai algo malo entón outras persoas maiores lle fan algo malo a esa persoa. E xa está. A min nunca me van pasar cousas malas porque estou coa miña mamá; ela espanta os monstros e escorrenta as pantasma. Eu quero moito a miña mamá. E un día tamén vin un paxariño, moi, moi pequeniño. Caera do niño e case non se movía. Eu toqueino cun dedo, pero pouco. Era moi pequeniño e case non se movía. E a súa mamá non

andaba por alí. Eu quero moito a miña mamá e seguín andando porque tiña que ir ao cole. FIN.

(Pausa. Pequena senta no sofá. Entra Mónica, falando por teléfono)

MÓNICA: Non podo, tía, non che dixen onte? Hoxe é o da miña nai (...) Xa, chungo... Mañá non vou á clase, dan un día libre por estes rollos (...) Se quixese si, pero como hai exame de inglés, paso, ademais non creo que poida estudar porque vai vir case toda a familia, xa sabes como son estas movidas (...) Ela? Supertranqui, alucina. Está a montar unha peli que non vexas, só pensa no que vai poñerse! (...) Eu en canto poida escaqueo. Non sei que punto lle deu, non me mola nada, verás as coñas que vou ter que aturar en clase, eu flipo...

PEQUENA: E mamá?

MÓNICA: Vale, só que se ves non traías nada, xa sabes... Na porta hai un par de maderos (...) Porque como ela dixo que non tiña intención de ir a ningures, deixárona na casa, de todas as maneiras non creo que fosen rexistrarte, pasan de todo (...) Que va, tía, hoxe non o vin, está castigado por cargar tres, falamos por teléfono, polo messenger e iso... Teño unhas ganas de velo...

PEQUENA: Mónica...

MÓNICA: Estaba raro e creo que é pola movida esta (...) En serio, tía, ao mellor na casa estiveronlle a comer o tarro, non me estrañaría... É que eu flipo con esta pava, en fin...

PEQUENA: E mamá?

MÓNICA: (...) Non sei, a ver se podo ir... O vello está medio mosca, leva tres días sen dicir palabra...

PEQUENA: Mónica...

MÓNICA: Ai, que non sei, pesada! Andará por aí, a min que me contas? (...) Nada, a miña irmá que está a me dar a vara. Espera que vou para o cuarto, aquí non se pode falar...

(Mónica sae, no camiño crúzase con Estrella, que entra con dous vestidos na man)

ESTRELLA: Pero nena, aínda estas así? Levácheslles os bocadillos aos señores policíaas?

MÓNICA: *(Ao teléfono)* Espera un momento *(a Estrella)* Que si, mamá...

ESTRELLA: E por que subiches outra vez as cervexas?

MÓNICA: Porque dixeron que estaban de servizo.

ESTRELLA: Dá igual, báixallelas outra vez que ao mellor despois apetécelles.

MÓNICA: Vou dentro dun anaco.

ESTRELLA: Dentro dun anaco non, baixas agora mesmo... E deixa o teléfono!

MÓNICA: Que xa vou!

ESTRELLA: Agora!

MÓNICA: Joder, mamá, que xa vou! *(ao teléfono)* Tía, chamo nun cacho que a vella está histérica...

ESTRELLA: Fala ben, non son a túa vella... Cal che gusta máis? Este ou este?

MÓNICA: Tanto me ten, como se vas en bólas...

(Mónica sae. Estrella descobre a Pequena que a mira desde o sofá sen se mover)

ESTRELLA: Ola, princesa, estabas aí? Hoxe merendas máis tarde, si? Verás que festa, haberá pallaso e todo!

PEQUENA: Non me gustan os pallasos. Fixen unha redacción.

ESTRELLA: Ah, si? Que ben, despois a les... Cal che gusta máis, rula? Este ou este?

(Pequena mira para ela uns segundos, e sae correndo. Soa o móbil de Estrella)

ESTRELLA: Ola! Que tal? Pois nada, aquí, preparando todo... Non me decido co vestido, pódelo crer? Estou como aparvada, deben ser os nervios (...) Xa (...) Xa (...) Chegando, chamáronme hai unha hora, en calquera momento teño aquí o catering (...) Bernardo? Xa leva tempo fóra, non sei que andará a facer... Estou que até me tremen as pernas dos nervios e por veces pónsеме un peso aquí, case non podo respirar (...) Si, si, claro, xa tomei dúas á noite e hai un pouco outras dúas...

(Entra Soledad)

SOLEDAD: Ah, estás aquí...

ESTRELLA: Déixote que teño aquí a mamá, vémonos despois (...) Claro, muller, que cousas tes... Ata logo *(a Soledad)* Que pasa, mamá? Ti que cres... Poño este ou este?

SOLEDAD: Como se vas en bólas... Onde está a foto de papá?

ESTRELLA: Que foto? Apaga ese cigarro, mamá!

SOLEDAD: A foto... A da voda...

ESTRELLA: Ai, mamá, eu que sei... Andará polo faiado, non te acordas que a subiches alí? Para que a queres? Non sei que pendentos poñer... E o catering está a punto de chegar...

SOLEDAD: De súpeto pensei que estaría ben que o teu pai estivese aquí, nestes momentos, de foto presente... Ao mellor dábame un pouco a risa.

ESTRELLA: Que cousas tes, xa lle volviches dar ao brandy? Axúdame a sacar a vaixela, anda, que seguro que traen todo en bandexas de plástico

SOLEDAD: Ti lembrás se a agochei ben?

ESTRELLA: O que? Ah... Coido que si, dixeches que non querías nin velo... Vou buscar as cousas.

(Estrella sae)

SOLEDAD: E por que non tirei con ela? Por que non a guindei no lixo?

ESTRELLA: *(Estrella fala desde fóra da escena)* Porque o marco era bo, de prata, ou algo así dixeches...

(Estrella entra con vaixela)

SOLEDAD: Ah, claro...

ESTRELLA: A ver mamá, déixate de fotos, e axúdame... Quedouche claro o que tes que facer?

SOLEDAD: Creo que si... Pero vas repetirmo igual...

ESTRELLA: Non está mal repasar. *(Estrella sae, fala desde fóra da escena)*. Do xantar e das cousas da casa non te preocupes, supoño que Bernardo contratará a alguén, o máis importante son as nenas...

(Estrella entra)

SOLEDAD: Non me gusta atopar xente descoñecida polo corredor.

ESTRELLA: Será unha persoa descoñecida ao princi-

pio, xa te irás afacendo, non quererás cargar ti con todo... A túa memoria xa non é a mesma.

SOLEDAD: Xa veremos se me afago ou se non me afago. A miña memoria está caralluda.

ESTRELLA: Non sei como pretendes educar unhas nenas con ese vocabulario.

SOLEDAD: Eu non pretendo tal cousa. Estou aprendendo palabras novas, deberías estar contenta, despois non hai quen te ature co conto de que teño que ir facer actividades e mariconadas desas.

ESTRELLA: É para te relacionares, séntalles ben ás persoas da túa idade.

SOLEDAD: Ás persoas da miña idade o que lles presta é que as deixen en paz .

ESTRELLA: Que apagues o cigarro, non che dixen? Que noxo, mamá, enriba dos pratos limpos, non sei a que esperas para deixalo...

(Soledad ri)

ESTRELLA: Que tes que facer os martes?

SOLEDAD: A ser posíbel quedar na cama e procurar esquecer que é martes... Queres un grolo?

ESTRELLA: Tes que levar a Pequena a clase de ballet e os xoves á piscina. Seguro que se aburre axiña, pero mentres lle dure a ansia vénlle moi ben gastar enerxía, calquera cousa que queira facer que sexa de moverse ti dille que si, eh?. Ultimamente estaba tentando convencela para que fose a algo de música, non sei, guitarra ou piano... Piano sería estupendo... Eu sempre quixen...

SOLEDAD: Si?

ESTRELLA: Non a vexo moi convencida, de cando en vez tes que animala e sacarlle o tema. Colle un pano

para pasarllo ás copas. Anímaa sempre... Dálle bicos. Mais que non faga o que lle dea a gana, entendes? Non a deixes ver moito a televisión, iso quere dicir que ti tampouco podes vela tanto (*Estrella fica un intre ausente*) E que vestido poño?

SOLEDAD: A ver se agora vou ter que foderme eu pola mincha esa .

ESTRELLA: Fala ben. A pequena precisa moita atención, mamá, é unha nena. As nenas... precisan moita atención...

SOLEDAD: Ten de máis, por iso é tan rara.

ESTRELLA: Non é rara, mamá, é introvertida.

SOLEDAD: Ti tamén eras medio rara.

ESTRELLA: Ah, si? Sorpréndeme que te deses conta.

SOLEDAD: De cando en vez cadrábame mirar para ti.

ESTRELLA: Pois mágoa non sabelo.

SOLEDAD: Xa cho estou dicindo agora, aproveita que levo un par de brandys.

(Pausa. Estrella mira a súa nai un intre pero enseguida sigue co que estaba a facer)

ESTRELLA: Ti sácaa de cando en vez, ao parque, que lle dea o aire, cando non teña pasantía; aire, moito aire... Por certo, lembra que a pasantía é os luns e os venres, mamá por favor non te esquezas que ela, se pode, tenta zafar... Os venres case hai que levala á forza, xa nota o cansazo da semana, ten que respirar... De feito, se podes, ao mellor era bo mudar de día e que os venres fixese outra cousa... Mamá, estasme escoitando?

SOLEDAD: Que si, levas toda a semana igual, que pesada.

ESTRELLA: É que te coñezo e despois esquecesechelo todo...

SOLEDAD: Todo non, mais quixera...

ESTRELLA: E rematou o de andares dándolle ao alcol e o de fumares polos currunchos, agora tes unha responsabilidade seria, non podes facer o que che dea a gana.

SOLEDAD: Como se algunha vez puidese.

(Pausa. As dúas mulleres fican en silencio, absortas, coa mirada baleira)

ESTRELLA: Teño frío...

SOLEDAD: ...

ESTRELLA: Este abismo non é meu, este baleiro aos meus pés...

SOLEDAD: ...

ESTRELLA: Véxome aí de fronte, agardando... Agardando a man que me salve, bañada por unha luz, esa luz que me observa, que me fai visíbel... Esa man... Síntome poderosa, digna, elegante... Todo isto é para min? Grazas, grazas... Grazas por vir, por estar aquí neste día sinalado. escoito unha música... Avanzo amodo. Amodo. Estou tranquila... Que fermosa, Estrella...

(Pausa)

SOLEDAD: Moito me fode que me andes amolando con que non beba e ti, no entanto, podes tomar as pastillas que che dea a gana...

ESTRELLA: *(Estrella esperta do «transo»)* Tomo as pastillas para poder durmir

SOLEDAD: Claro, ti non alucinas, ti soñas esperta... Eu quero desas pastillas, tamén quero verme coma unha virxe... A ver, pon cara de virxe lapidada...

(Pausa. Soledad prende un pito, Estrella continúa co que estaba a facer)

ESTRELLA: Coa maior tes que ter paciencia, está nunha idade mala, tampouco non é dicirlle a todo que si, mais trátaa con suavidade, non quero que acumule xenreira e que se converta nunha amargada.

SOLEDAD: Hum... Case che sae...

ESTRELLA: Levo o pelo recollido, non? Máis elegante... E vixíaa porque anda moi parva co do peso ultimamente.

SOLEDAD: Dá igual, faga o que fixer nunca vai estar contenta, non pode... Inténtao outra vez...

ESTRELLA: Non ten por que, fala con ela, pregúntalle que tal lle vai, interésate, aínda que che conteste mal... Canto menos teña que botar en cara, mellor.

(Pausa)

SOLEDAD: Afán de protagonismo.

(Pausa)

ESTRELLA: Que?

SOLEDAD: Afán de protagonismo.

ESTRELLA: Afán de protagonismo?

SOLEDAD: Se o teño que repetir outra vez, tírome pola xanela.

ESTRELLA: Cada día estás peor, mamá.

SOLEDAD: Non tal, cada día estou mellor porque cada día é un menos... Ti cres que ando escasa de catolicismos?

ESTRELLA: A que vén iso agora?

SOLEDAD: A Virxe foi a máis protagonista, a máis de todas, igual que a miña irmá. Sabías que no seu apedramento...

ESTRELLA: Lapidaron a tía Ercilia?

SOLEDAD: Aínda te enteiras agora?

ESTRELLA: Si...

SOLEDAD: Algúns segredos son moi bos de gardar. Ti non naceras. Despois daquilo non debería ter nacido nada, así non estaríamos... Así non estaríamos. E ti non andarías pola casa adiante sen saber que vestido poñer, montando festas ás que ninguén quere ir.

ESTRELLA: Eu elixo como me poño e monto as festas que me dá a gana, está claro?

SOLEDAD: Só era un comentario.

ESTRELLA: Un comentario...

SOLEDAD: Só un comentario (*Pausa*) Mercaches un queixo de pena...

ESTRELLA: Non fun eu, lémbroche que non podo saír da casa. Foi un dos axentes que están no portal quen se ofreceu amabelmente a facer a compra...

SOLEDAD: Hai que ver que atento o axente... Nos Estados Unidos, aos condenados a morte déixanlles pedir o que queiran para comer, vino o outro día na tele, pídelles marisco...

ESTRELLA: Paguei eu... Que pasou con tía Ercilia?

SOLEDAD: Somos un país incivilizado...

ESTRELLA: A ver, contas ou que?

SOLEDAD: Ercilia era moi arroutada, sempre facía o que lle daba a gana. Encerrouse no cuarto duran-

te días, por veces escoitabámola cantar, rir, berrar. Chamaba por alguén cunha voz desesperada, rabuñaba o chan, pateaba a porta e cando non podía mais, chamaba quedamente, durante horas... E horas... Non quería saír, non comía... O día dos feitos o resto da familia estabamos abaixo, no salón, recibindo as visitas, xa sabes... E de súpeto sentimos uns berros que viñan de arriba. Papá subiu e petoulle na porta: «Ercilia! Ercilia! Compórtate!»... Mamá e as tías comezaron a se facer cruces e saímos para fóra. E alí estaba, no balcón, dando voces: «Aquí me tedes. Cabróns, fillos de puta!... Non queriades show? (*Soledad ri*) Show... A súa voz resoaba en toda a rúa, a xente parábase a mirar ou axexaba por detrás das cortinas e ela seguía berrando, insultando a todo o mundo, ao papá, á mamá, ao tío Antonio, e non entendo tal cousa porque mira que era bo home o tío Antonio, e ela seguía insultando e cuspiendo desde o balcón que eran un feixe de hipócritas e que estaba feliz de non ser coma eles... Ercilia era a que máis lía de todas... E sabes que? Levantou a saia e resulta que non levaba bragas! (*Soledad ri*) A mamá tiveron que metela na casa. E Ercilia tocábase a cona e berraba: «Mirade por onde paso as vosas pedras, cagoendiós!» Era moi arroutada...

ESTRELLA: E?

SOLEDAD: E acto seguido tirouse.

(Pausa. Pequena entra e fica nun canto mirando as dúas mulleres. Logo senta no sofá. Faise un silencio antes de que Estrella fale como se non pasase nada)

ESTRELLA: Non esquezas que dentro dun mes tes cita co médico dos ósos e un día que poidas vas ao

de cabeceira e pídeslle unha analítica completa, hai polo menos seis meses que non fas unha...

SOLEDAD: O da farmacia xa me mira a tensión e di que a teño moi ben... Que che quede claro que os mércores vou xogar a partida como sempre, e o sábado ao bingo... Eu creo que ninguén escoitou o que dixó, andaba todo o mundo a mirarlle para a perrecha...

ESTRELLA: O sábado dáme igual, fai o que quixeres, que está Bernardo; os mércores podes aproveitar que a Pequena ten actividades extraescolares.

PEQUENA: Non me gustan as actividades extraescolares.

ESTRELLA: O que ti digas, rula, mais tes que ir... Vaite vestir... Eu teño que facer unhas chamadas, remata ti con isto, mamá... Joder para a tía Erci...

(Estrella sae. Soledad prende un pito)

SOLEDAD: Se non queres ir ás actividades extraescolares, non vaias... Podes vir ao bingo comigo... Aínda que agora que me acorda non te van deixar pasar, non poden entrar menores... Que mágoa! *(Pausa)* Podo levarte a xogar a partida... *(Pausa)* Que tal o fago? Tes que comezar a facer cousas ti soa, así ninguén será quen de che mandar unha pedra, entendes?... Cando sexas grande valo notar... Andas diferente, a vida mírase doutra maneira, eu non vou andar detrás de ti todo o tempo, a min acábame, entendes? Non é porque queira aproveitalo, ao contrario, por min que pase axiña... É por non moverme *(Pausa)*. Non me interpretes mal, eu téñoche cariño, mais non serve de nada aferrarse ás

persoas e se te empeñas acabas esquecendo. Canto antes aprendas isto, mellor. Estás soa, pequeniña. Se paras quieta a memoria non se remexe, sabes? Pero non te podes mover case nada, nin sequera pensar. Non pensar en nada. Iso é importante. Eu non vou estar aquí todo o tempo. Que sorte tes. Seguro que Bernardo me atopa un lugar caro e afastado... Ao principio viredes todas as fins de semana, despois cada quince días e despois cada mes e despois cada dous e despois cada tres e despois por Nadal... Vouche cantar unha canción (*Soledad canta*).

(Estrella entra)

ESTRELLA: Xa está todo? Espero que chegue o que encarguei...

SOLEDAD: Chegará.

ESTRELLA: Mamá, axúdaa a vestirse, que poña o que está enriba da cama, ao mellor hai que pasarlle un pano aos zapatos... Dásme un bico, princesa?

(Pequena achégase a Estrella mais o móbil soa no seu peto. Mentres fala, Soledad e Pequena saen da escena collidas da man)

ESTRELLA: Dime... Que va, muller! Xa case está todo listo (...) Verde? Que bonito, verde esperanza... (...) Non, ela non vai vir... e Charo tampouco... Foi todo tan rápido que non puideron organizarse (...) Un pouco cansa... (...) Si, si, decididísima, tanto me ten o que digan, vou facer as cousas á miña maneira (...) Agora só me concentro en non esquecerme de nada, tento non esquecerme de min, que xa lle chega (...) Xa sei, que me vas contar!

(Entra Mónica)

MÓNICA: Non sei que poñerme, que se supón que teño que poñerme?

ESTRELLA: *(Ao teléfono)* Un momento, Luz... *(a Mónica)* O que che pete, rula, pon o que queiras, ti saberás... *(ao teléfono)* dime...

MÓNICA: Joder, mamá, se soubese non viña a preguntarche!

ESTRELLA: *(Ao teléfono)* Xa... Perdoa outra vez... *(a Mónica)* Fala ben, cariño, que dis?

MÓNICA: Non sei... Algo disto non está ben... Non sei o que é pero non mola, non mola nada, joder!!

ESTRELLA: *(Ao teléfono)* Falamos despois, vale? Agora teño que te deixar... Moi ben, guapa, vémonos logo... *(a Mónica)* Nena, non te poñas así, non serve de nada enfadarse, non mudas as cousas... Tentemos polo menos ter un pouco de alegría, bo rollo, nena...

MÓNICA: É que ti non as pensas, mamá, e logo nós temos que apandar con isto!

ESTRELLA: Podías pensar que eu tamén apando normalmente.

MÓNICA: Non te poñas en plan nai enrollada, por favor, isto é distinto... É distinto, mamá! Ti non vas estar para velo, mais eu si, entendes? Eu si! Como pretendes que me converta nunha persoa normal? A ver, como? Estas movidas son as que traumatizan.

ESTRELLA: Non berres, algún día vasme entender...

MÓNICA: Eu quérote entender agora!, agora, mamá! Todo o mundo fala de ti! Con que cara vou ir pola rúa?

(Soa o móbil, mais a chamada córtase antes que Estrella poida descolgar. Fica mirando o número)

ESTRELLA: A que tes é estupenda, rula.

MÓNICA: Déixate de coñas, vale? Isto é serio!

ESTRELLA: Xa sei que é serio, eu non me estou rindo.

MÓNICA: Pero estás montando un putito circo, joder!

ESTRELLA: Fala ben! O de fóra é mais circo aínda, non che parece?

MÓNICA: Es unha egoísta! Sempre hai que facer o que ti queiras! Vou poñer minisaia! E non penso tirar os cascos das orellas!

(O teléfono volve soar e volve cortarse)

ESTRELLA: Non berres, rula, pon o que queiras...

MÓNICA: Non entendes nada! Nunca entendes nada! Vou poñer o que me dea a gana! Vou parecer a moza de Marilyn Manson! Porei o colar do can no pescozo!

(Estrella marca un número no teléfono)

ESTRELLA: Non temos can, nena...

MÓNICA: Dáme igual, roubareillo a calquera chuchido do parque!!

ESTRELLA: *(Ao teléfono)* Ola, chamáronme desde ese número... *(a Mónica)* Agarda un momento, cariño...

MÓNICA: Por min non te cortes, fala... Eu piro...

ESTRELLA: *(Ao teléfono)* Desculpe... Si, son eu...

(Mónica sae e volve entrar)

MÓNICA: E por certo, hai un tipo que dá moi mal rolo agardando na porta!!

(Mónica sae)

ESTRELLA: *(Ao teléfono)* Perdoe, de que xornal dixo?
(a Mónica) E como non mo dixeches antes? Dille
que pase! *(ao teléfono)* Desculpe outra vez... Ah...
Pois non sei que dicirlle, estou cos preparativos...

MÓNICA: *(Desde fóra da escena)* Se me dá a gana!

ESTRELLA: De verdade? Vaia... Estupendo. Nese caso,
non teño problema... Non será con cámaras e iso,
dáme moita vergoña (...) Ah, claro, que parva, é un
xornal... Moi ben, de acordo (...) Si... Grazas...

(Estrella colga o teléfono, que volve soar)

ESTRELLA: Bernardo... Bernardo? Non escoito ben...
Bernardo... Onde estás? Vas vir?... Bernardo...

*(A chamada córtase. Estrella queda mirando para o
teléfono, colga. Pausa. Entra Orfebre, Estrella non o
ve. Orfebre leva un maletín)*

ESTRELLA: Tes que vir, cabrón, tes que vir!

ORFEBRE: Fermoso día, non si, señora?

ESTRELLA: Que?

ORFEBRE: Desculpe, non era a miña intención asus-
tala, unha moza dixo que podía pasar se me daba a
gana, palabras textuais...

ESTRELLA: Ten que perdoar, é a miña filla...

ORFEBRE: Non se preocupe. *(Pausa. Orfebre examina
a Estrella con descaro)* Bonita casa... Son o comer-
cial que solicitou, non sei se coñece a nosa empresa
en profundidade *(Orfebre dálle unha tarxeta)* Fa-
cemos distribución a nivel internacional, os nosos

produtos gozan de gran solvencia e recoñecemento, á parte dun deseño innovador e orixinal, combinado con referentes tradicionais, xa sabe que o de sempre non pasa de moda... En fin, a empresa perfecta para clientas coma vostede. Vostede fainos medrar, fai que queiramos superarnos día a día... Espero non chegar en mal momento...

(Estrella mira a Orfebre. Pausa)

ESTRELLA: Sente, faga o favor... Quere tomar algo?

ORFEBRE: Non, grazas... Todo ben?

ESTRELLA: Que? Si, si... Ben... Claro.

(Pausa. Orfebre non deixa de mirar a Estrella que elude como pode a súa mirada)

ORFEBRE: Teño que dicirlle que pedín expresamente aos meus superiores ser eu quen a atendese...

ESTRELLA: Ah, si?

ORFEBRE: Tiña moitas ganas de a coñecer e teño que dicirlle que a miña intuición non estaba errada...

ESTRELLA: Por que? Non teño nada especial, son unha perdedora mais, unha de tantas...

ORFEBRE: Non fale así. Non lle axudan eses pensamentos tan destrutivos, pense en cousas amábeis, pense en vostede como un ser pleno e seguro de si...

ESTRELLA: Creo que precisamente por encher a miña cabeza con mentiras como esas estou nesta situación. Non fixen máis que tentar analizar o porqué dos meus erros e cada vez síntome máis perdida.

ORFEBRE: Non o diga con ese pesimismo, non quería dicir iso... A cuestión non é perderse, estatisticamente hai moi poucas posibilidades de gañar...

ESTRELLA: Vostede algunha máis ca min, seguro.

ORFEBRE: A cuestión é como escollemos perder, a mirada que ofrecemos ante o inevitábel, entende? A imaxe de nós que queremos que permaneza na memoria dos demais.

ESTRELLA: Quen dixo que eu quixera permanecer?

(Pausa. Orfebre sorrí. Non deixa de mirala)

ORFEBRE: Bonitos vestidos... Cal vai poñer no evento?

Eu prefiro chamarlle así, é mais... Elegante. A elegancia é fundamental, encaixar ben os golpes é case unha vitoria en si, non cre? Se me permite a suxestión, coido que estaría belísima co vermello. *(Pausa. Orfebre acarña o vestido vermello mentras fala)*

Temos a fortuna de dispoñer de moitas palabras no noso vocabulario, non lle parece?... Podemos elixir varias para nos referir a un mesmo concepto. Elixir unha ou outra é, de novo, o quid da cuestión, o que nos define... Por exemplo, eu a unha defunción chámolle deceso. Soa menos agresivo, non lle parece? Porén, teñen o mesmo irremediábel significado... Fascinante. Non se deixe influenciar polas aparencias... Que vestido escollerá finalmente?

ESTRELLA: O vermello, seguramente...

ORFEBRE: É perfecto, parecerá unha estrela de cine, case unha deusa. E nos pés?

ESTRELLA: Nos pés? Pois unhas sandalias...

ORFEBRE: De tacón, por suposto... Sublime... *(Pausa)* Tróuxenlle algo especial. As pedras de sempre serían un insulto, unha grosaría, grises, sen ningunha notoriedade... Pedras do montón. Encontro certa conmovedora inocencia nos métodos atávi-

cos, mais creo que o tempo non pasa en balde, non xulga? A tradición é un referente, que dúbida cabe, mais non podemos omitir que as persoas mudan, as paisaxes mudan, os costumes mudan... Mudan as motivacións ou os procedementos... Coido, porén, que a nosa esencia segue a ser a mesma. O que nos impulsa, o que nos inspira. Todo o que podemos chegar a facer para que a nosa vida teña sentido, para non admitir que é vulgar. É como unha especie de narcisismo, unha ansia protagonista para que todo o que nos pase, o bo e o malo, sexa diferente en algo ao dos demais, a traxedia particular sempre debe ser máis desgarradora que a do resto, o reparto de papeis ha ser perfectamente delimitado ás posibilidades de cada quen. Os desexos de todo o mundo deben ser axustados ás súas propias capacidades. Ninguén debe desexar o que está fóra do seu alcance. *(Pausa)* Eu son escultor, artista, sei do que falo... Podo ver a beleza agochada tras da inmundicia, captar a paixón que pervive na dor... Non é fácil vivir con esta sensibilidade, asegúrollo...

ESTRELLA: Vostede esculpe?

ORFEBRE: Arríncolle a beleza ás pedras, arrebatolles o significado, aquilo que ninguén máis ca min pode ver... Reconverta a súa forma... Son orfebre, labrador, lapidador... Que fermosa a nosa lingua... Tantos e tantos sinónimos... *(Pausa)* Semella un paradoxo... Sabe o que é un paradoxo? Vostede si, por suposto, é un paradoxo en si mesma. Desculpe que faga tan manifesta a miña admiración...

(Soa o móbil. A chamada córtase)

ORFEBRE: Poñerá medias de cristal... Co vestido e as sandalias... De tacón, por suposto.

ESTRELLA: Si... Claro... Se non lle importa, ensíneme o que ten.

ORFEBRE: (*Orfebre ri*) Supoño que non hai tempo que perder. (*abre o maletín*) Para min este sempre é un momento moi especial... Gústame observar o brillo que se pon nos ollos da clienta, un torrente de emocións, créame. Tantos matices... Alivio, temor, ansia, odio... Ve? Se puidese verse os ollos agora...

ESTRELLA: Que lle dirían? De que falan os meus ollos?

(*Orfebre míraa e sorri. Pausa*)

ORFEBRE: Que lle parecen estas? Arestas finas, unha cor cálida, non cre? Convida ao susurro, ás confidencias, ao pensamento... Carpe diem... Tóqueas, son suaves... e mornas. Adáptanse perfectamente á forma da man, nin grandes nin pequenas... Son moi manexábeis. Veñen nun saquiño de pano, ve?, cunha tarxetiña dentro para poñer a data... e o nome... O seu nome... Como recordo. Todo un detalle. Souvenir...

ESTRELLA: Si, son bonitas... Gústame a cor.

ORFEBRE: Son perfectas para o seu vestido.

ESTRELLA: Non podo pararme moito a elixir, aínda teño moito que facer, creo que estas irán ben... Contratei un pallaso...

ORFEBRE: Un pallaso, que boa idea... Unha vez coñecín alguén parecido a vostede... Ninguén se acorda, mais eu si. (*Pausa*) Teño na casa unha pedra nun saquiño, co seu nome. Un recordo. (*Orfebre ri*) Souvenir...

ESTRELLA: E que me di das pedras esenciais? Leva algunha?

(Pausa)

ORFEBRE: Por suposto. Que lle parece esta? Quizais un pouco grande? Ao mellor non lle gustan grandes...

ESTRELLA: Non, está ben. É bonita... Esta é para o meu home.

ORFEBRE: Comprendo...

ESTRELLA: Gustaralle?

ORFEBRE: Eu ficaría moi compracido, créame. Sobre todo se quen a elixe é vostede, que é a súa muller.

ESTRELLA: Supoño...

ORFEBRE: Non é a súa muller?

ESTRELLA: Que? Ah, claro... Son... Non, dicíao porque...
Dá igual, descúlpeme, estou un pouco nerviosa...

ORFEBRE: Comprendo...

ESTRELLA: Si? De verdade comprende? Non o creo...

ORFEBRE: *(O permanente sorriso de Orfebre esfúmase por un intre)* Como di?

ESTRELLA: Nada...

ORFEBRE: Permíteme unha observación? Quizais lle pareza un pouco indiscreto, mais, enténdame... É curiosidade artística...

ESTRELLA: Diga...

ORFEBRE: A súa roupa interior...

ESTRELLA: A miña roupa interior?

(Pequena entra. Fica nunha esquina da escena observando, sen que reparen nela)

ORFEBRE: Todo é importante. A harmonía tamén debe estar por dentro... Que vai elixir, Que cor? Que

tecido? Algodón? Seda? Dúas pezas? Quizais unha peza enteira? Levar nada tamén é unha opción...

ESTRELLA: Non o pensei ben aínda... Ocorréuseme que podería ser a mesma que cando casei... Mais non o teño decidido.

ORFEBRE: Branco e vermello... Perfecto. Ten poesía. Nestes momentos caería de xeonllos e bicaría os seus pés.

ESTRELLA: Espero que non o faga...

ORFEBRE: Por que non? Isto é como unha traxedia grega, vexo en vostede a determinación das protagonistas helénicas, mulleres valiosas e ousadas entregadas ao seu dramático destino con altivez. Non deixaría que bicase os seus pés? Conformaríame só con miralos... *(Pausa. Orfebre quere achegarse a ela)* Quizais o seu pelo... Importaríalle?...

(Pequena achégase a Estrella e bótalle un brazo polos ombros sen deixar de mirar a Orfebre, que recompón a súa postura e mira seriamente á nena. Pausa. Estrella érguese)

ESTRELLA: Vou polos cartos, agarde un momento...

ORFEBRE: Se non lle importa... Despois vai ser un pouco difícil, sen dúbida.

(Estrella sae. Pequena E Orfebre fican na escena)

ORFEBRE: Ola! Que guapa te puxeron, eh? Ui, que sería... Así estás ben fea... Mira o que teño aquí, toma... Non queres un caramelo? Non? A túa mamá díxoche que non colleses nada de descoñecidos, verdade? Eu son guai, como dicides vós... Colle o

caramelo, parviña... Pois nada, dareillo a outra nena... (*Pausa*) Estás triste porque van lapidar a túa mamá?

(*Pausa. Soledad entra*)

PEQUENA: Gilipollas!

(*Pequena sae correndo. Soledad mira a Orfebre*)

SOLEDAD: Desde logo, o tempo non pasa por vostede.

ORFEBRE: Desculpe, non teño o pracer...

SOLEDAD: Non me sorprende.

ORFEBRE: Debido ao meu traballo, vexo a moita xente.

SOLEDAD: Hai moito tempo preparouse outra festa...

Quere unha copiña?

ORFEBRE: Non, grazas.

SOLEDAD: Non bebe?

ORFEBRE: Cando traballo, non.

SOLEDAD: Que mérito! Eu, se fose vostede, non pararía.

ORFEBRE: Precisamente por iso cada quen está no seu lugar.

SOLEDAD: Permítame que o dubide.

ORFEBRE: Como goste.

(*Pausa. Entra Estrella*)

ESTRELLA: Aquí ten...

ORFEBRE: Perfecto, se me desculpan, baixo un momento pola caixa, non tardo nada...

SOLEDAD: Saúde! Negra sombra...

(*Orfebre sae. Pausa*)

SOLEDAD: É un bo momento para un brandy...

(Soledad sae. Mónica entra cuns cascós nas orellas e unha revista. Escóitase fóra o mesmo que a moza escoita polos cascós. «My Iron lung» de Radiohead. Mónica senta no sofá a ler, allea a todo, mira compulsivamente o móbil. Estrella comeza a se desvestir e a poñer o vestido vermello. Todo se fai máis lento. Orfebre entra cunha caixa que deixa nalgures e queda ollando para ela, despois, achégaselle lentamente até situarse ás súas costas. Estrella non acabou de poñer o vestido. Pequena abre a caixa e saca as pedras unha a unha. Orfebre cheira o corpo de Estrella a pouca distancia pero sen tocala, chéiraa por todas partes, Estrella non se move, mira á fronte con vestido vermello a medio vestir. Soledad entra coas medias e as sandalias. Orfebre saca unha tesoirira e córtalle un pouco de pelo a Estrella. Mónica, Pequena e Soledad senten como lles cortan un pouco de pelo. Orfebre garda o pelo nun saquiño de pano e vaise. Soledad axúda a vestir a Estrella. Pequena fai un círculo coas pedras e déitase dentro, de cara ao público. Mónica saca os cascós, a música para. Estrella sobe ao sofá e le unha redacción)

ESTRELLA: Cando teño medo, asubío. Fago como quen. Eu sei que o medo está aí, mirándome. Moita xente ten medo do medo. Moita. Se eu non miro o medo entón o medo non sabe que existe e desaparece. Non podo mirar o medo nin por un segundo ou saberá que está aí. E iso é o peor que che pode pasar cando te atopas con el. Podes cantar, ou rir como se lembrases algo gracioso. Así o medo confúndese.

Tes que encher a túa cabeza de pensamentos parvos como bocatas de nocilla ou debuxos animados ou bichiños pequenos... Ás veces, o medo sospeita algo, non queda convencido de que non o estás vendo, entón fica tempo e tempo. Para se asegurar. Porque el sabe que cansa moito facer como quen, sabe que ao final tes ganas de chorar e de miralo, porque estás tan rendida que non podes seguir disimulando. Estiven moitas veces unha hora ou máis sen mirar o medo. FIN.

(Estrella baixa do sofá, mentres fala co resto, que nin sequera a escoita)

ESTRELLA: Algunha de vós pode dicirme por que Bernardo non está aquí? Algunha pode? Mellor non mencionar o tema? Calo? Fago a parva? Ou é que ningunha o botou a faltar? Ao mellor resulta que nin iso... Non sei que lle custaba, que lle custaba? Todo será un momento. Nun momento morreu o conto *(ri)* A mellor pedra para el e o señor nin vai dignarse a usala, eu quería que el fose o primeiro, ten que ser o primeiro... Quero ver os seus ollos. No fondo son unha tradicional, non? Mais ten que ser... Que vou dicir? Teño que pensar algo...

(Pausa. O seu móbil dá sinal dunha mensaxe. Estrella le mentres segue falando)

Non van parar de facer preguntas... Todos preguntarán! E que escusa vou poñer? A ver, ideas, porque isto non é como escoller vestido... Joder, xenial... Outra que non pode vir, ao pequeno su-

biulle a febre... Como son estas febres infantís, eh, mamá? Soben cando menos contas, dun momento a outro. Agora están ben, agora teñen corenta de febre... Que fixen eu, eh? Que fixen? Decídemel! Veña, estou esperando! Ao final non vai vir ninguén? Vou estar soa? Por certo, vós ides vir? Ou ides ter febre tamén? *(Pausa)* A quen vou mirar cando chegue o momento? Mamá... Estou nerviosa, quero que todo saia ben e nada vai saír ben se Bernardo non aparece. Nada será perfecto, entendes? Nada será como eu pensaba... Váiseme notar unha vacilación, quizais me trema a voz ou teña a mirada algo nerviosa... Porque teño unha mirada nerviosa! E despois dirán que parecía algo arrependida. E iso nunca, vale? Nunca! Estou nerviosa pero todo me importa unha merda, vale? Que quede claro... Estou cansa, teño preguiza, quero facer unha festa e beber cava! E non quero unha fodida queixa, vale? E non quero querer que Bernardo estea aquí! Dáme igual que non estea, dáme igual! Non o preciso para nada, que vaia á merda! Non o preciso! Mirádeme! Estou respirando sen el, vedes? Respiro!

MÓNICA: Hai tres horas que mandei unha mensaxe a Javi e aínda non contestou! Como me deixe, ti serás a responsábel, escoitas? Serei infeliz toda a miña vida! Toda! Cada segundo! Pola túa culpa!

ESTRELLA: Non te poñas dramática, rula. Xa aparecerá outro, cando menos o esperes ti tamén esqueiches... Tamén respirarás... Respira, nena, respira.

MÓNICA: Ti de que vas? Cres que todas somos iguais? Que nos pasa o mesmo? Non me confundas contigo, somos completamente diferentes! Eu non me

rendería nin deixaría que dous maderos me gardasen a porta!

ESTRELLA: Eles non teñen a culpa de seren así as cousas, fan o seu traballo. Todo isto non é unha rendición.

MÓNICA: Ah, non? E como lle chamas ti a toda esta movida?

ESTRELLA: Non sei! Como queres que o saiba? Non sei nin sequera se todo isto está pasando, non sei que facer, non sei como poñerme, pensas que me gusta?

MÓNICA: Por momentos sei que si, no fondo gozas con isto, queres aproveitar os teus cinco minutos de gloria.

ESTRELLA: Como podes pensar iso?

MÓNICA: Non fagas a vítima! Ti mellor que ninguén sabes que todo o que facemos ten consecuencias! Estás farta de mo repetir! Non vaias agora de inxenua... Aplícate o conto!

ESTRELLA: Non o entendes... Teño medo.

MÓNICA: O medo fai que te defendas ou polo menos que fuxas...

ESTRELLA: Ou parálizate.

MÓNICA: A isto chámalle parálise?

ESTRELLA: Faga o que fixer nada irá peor, non o entendes? Preciso de todo isto, preciso sentilo! Non darei un paso atrás. Estou na calma. Non vou sentir vergoña, non terei que afrontar a mirada de ninguén, non terei que soportar reproches...

MÓNICA: Ti non, desde logo...

ESTRELLA: Estás decidida a non entenderme e non teño ganas de te convencer. Non vou gastar as últimas enerxías en discutir...

MÓNICA: Como podes... Son a túa filla!

ESTRELLA: Sí, Mónica, es a miña filla... Non a miña cadea. Eu son algo máis ca túa nai, son unha muller. Estamos soas, nena, canto antes aprendas esa lección, mellor.

MÓNICA: Ódiote!

(Mónica sae. Estrella sae atrás dela. Soledad fica na escena xunto con Pequena, que fica inmóbil, dentro do círculo de pedras)

SOLEDAD: Paxariño... Paxariño... Hoxe non vai chover, habrá luz. *(Pausa)* Henrique era un cabrón, eu non quería que estivese. Cantaba moi ben, sabía facelo, sabía facer moitas cousas e eu ningunha. Cantaba pouco para facerse desexar. Cabrón. Os días fanse máis curtos se agardas que ocorra algo polo que deveses. A ansia fai que parezan máis rápidos... Mais non é, paxariño, non é... O tempo vai por libre. Pasa por ti e de cada vez leva consigo algo, algo pequeno, un xesto, un riso, unha raiola. Hoxe habrá luz... Cantaba moi ben. Eu ría e choraba escoitando. Quería que marchase, que desaparecese... Ou que non parase de cantar. Facíao moi ben... Eu non quería que estivese, non quería estar desesperada todo o tempo, contando os minutos que faltaban para que volvese, para escoitar de novo a chave na pechadura, os seus pasos achegándose, o arrecendo que o precedía. Por que contaba os minutos se eu sabía que volvería, paxariño? Mais non podía evitalo porque eu sen el sentía que non era nada. *(Pausa)* Cabrón. Vou buscar un brandy... Paxariño, has morrer de frío...

(Soledad sae da escena. Paxariño fica soa. Hai unha longa Pausa. Pallaso entra, leva sombreiro. Ve a Paxariño. Achégase amodo mentres fala)

PALLASO: Oh! Un paxariño...

(Pausa)

PALLASO: Seguro que caeu do niño...

(Pausa)

PALLASO: Onde estará a súa mamá?

(Pausa. Pallaso axeónllase atrás de Paxariño. Tócaa un pouco, co dedo índice. Fálalle ao oído)

PALLASO: A súa mamá non pode collelo co pico e levalo de volta ao niño, non é? Pobre paxariño... Onde está a túa mamá? Móvese moi pouco... Terá frío, terá fame, terá medo *(Pausa)* Que pedras tan bonitas, serán os pensamentos do paxariño? *(Pausa)* Que pasará se collo unha?

(Colle unha das pedras amodo. Paxariño abre os ollos. Pallaso fai o xesto de que a pedra é un teléfono)

PALLASO: Ola? Ola?... Quen está aí? Ah... Ola! Es un pensamento do paxariño?

(Paxariño incorpórase un pouco e olla a Pallaso. Nunca sae do círculo de pedras)

PALLASO: Si? Non me digas!! Iso fixo?? Que mala...

(Pallaso olla a Paxariño e ri)

PALLASO: Ahá... Ahá... Vale... Vale, adeus...

(Fai que colga. Pausa. Mira a Paxariño)

PAXARIÑO: Dáme iso!

PALLASO: Non, agora é meu. Fun eu quen o atopei...

Fuches mala?

PAXARIÑO: Iso non é un pensamento, é unha pedra.

PALLASO: Isto é un pensamento. Eu ben sei como son os pensamentos. Eu escoito moitos. Todos os días.

Sei recoñecer un pensamento cando o vexo, este é un pensamento dos importantes, si, señorita... Fuches mala?

PAXARIÑO: É unha pedra!

PALLASO: Ah, si? É unha pedra? A min paréceme un pensamento, mais se é unha pedra entón non che importará que a escache... A quen lle importa unha pedra máis ou menos?

(Levanta con brusquidade a pedra e fai aceno de tirala contra o chan)

PAXARIÑO: Non!

PALLASO: Non? Por que? Resulta que é un pensamento? Ou será unha pedra? Será un pensamento? Ou será unha pedra? Tic tac tic tac tic tac...

(Pausa)

PAXARIÑO: Non me gustan os pallasos.

PALLASO: A todo o mundo lle gustan os pallasos.

PAXARIÑO: A min non. Ti non me gustas, es un pallaso malo.

PALLASO: Discrepo, querida. En todo caso serei un mal pallaso. Non é o mesmo... Matiz, matiz, matiz... Ti si que fuches mala, levanta a saia, vouche dar no cu!

PAXARIÑO: Es malo! Es un pallaso malo! Un pallaso feo e cabrón!

PALLASO: E ti unha nena estúpida! Queres que che lave a boca con lixivia? As nenas non falan así nin están tiradas polo chan... Perdiches algo, acaso? Ri un pouco... Son un pallaso. Ri!

PAXARIÑO: Un pallaso malo!

PALLASO: Un mal pallaso! E teño un pensamento teu. Ri.

PAXARIÑO: Non!

PALLASO: Por que non?

PAXARIÑO: Porque non me sae, non teño ganas.

PALLASO: Todo o mundo ten ganas de rir! Todo o mundo! O mundo enteiro morre de ganas de rir. Non o escoitas? O mundo está morto de risa! Escoita, escoita! Poñen a tele para rir, escoitan a radio para rir, pasean para rir, falan para rir, comen e cagan para rir. Dixen «cagan», non che fai rir? Están mortos de risa todos os días porque a todo o mundo lle gusta rir, nena estúpida! Ri!

(Pausa)

PALLASO: Ri!

(Fai que tira a pedra contra o chan. Paxariño ri debilmente)

PALLASO: Máis...

(Paxariño ri un pouco máis alto)

PALLASO: Máis... Máis... Máis!... Máis alto!...

(Paxariño ri compulsivamente, case nun pranto; Pallaso ten a pedra en alto, na man. Amósalla a Paxariño, baila sen ningunha harmonía, espasmódicamente, mentres Paxariño ri)

PALLASO: Así, así... Moi ben, nena estúpida! Ves como sabes? Máis alto! Máis! Que ben o fas! Gústame! Sigue!

(Pallaso para de súpeto. Paxariño para. Pausa)

PALLASO: Riste de min?

PAXARIÑO: ...

PALLASO: Non me gustaría que te rises de min... Estaría moi feo...

PAXARIÑO: ...

PALLASO: Non son pallaso abondo para ti?

PAXARIÑO: Gilipollas...

PALLASO: Iso non se di! Non se din palabras feas! Iso é unha palabra fea! Fea, moi fea! Fea, fea, fea!! Cuspe, cuspe agora mesmo! Ademais de estúpida es unha maleducada! Que sorte teño! Podía tocarme unha nena estúpida, simplemente, ou maleducada, simplemente, mesmo me podían tocar dúas nenas: unha maleducada e outra estúpida. Que sorte teño! Só me toca unha e ademais de estúpida é unha maleducada! Un aplauso! Cuspe!!

(Pausa)

PALLASO: Se volves dicir unha palabrota veño e esca-
cho todas as túas pedras.

PAXARIÑO: Non son miñas!

PALLASO: Si son! Tamén son túas, son as túas pedras,
os teus pensamentos, eu teño un, mira! Tamén son
teus, que pensabas, nena estúpida e maleducada?
Caíches do niño...

(Pallaso faille burla a Paxariño)

PALLASO: O paxariño caeu do niño! O paxariño caeu
do niño! O paxariño caeu do niño!... *(Pallaso fai
unha pausa, mira a Paxariño e achegase a ela)* Son
un mal pallaso... Non ris nada. Veña, paxariño, ri
un pouco... Anda...

PAXARIÑO: Xa rin antes.

(Pallaso achégase máis, amodo, até falarlle ao oído)

PALLASO: Non me chegou... Ri un pouco máis. Veña,
só un pouquiño... Ri ri ri ri ri... Que son?

PAXARIÑO: ...

PALLASO: Un grilo... Non sexas parva, verás como che
gusta. Ninguén o saberá, non llo diremos a nin-
guén, será o noso segredo... Non queres ter un se-
gredo comigo? *(Pausa)* Un segredo grande, grande,
como esa pedra? Se ris un pouco devólvoche esta...
Quérela?

(Paxariño tenta coller a pedra)

PALLASO: Ri un pouco...

(Paxariño sorrí)

PALLASO: Un pouquiño máis... Coa boca aberta... Será o noso segredo...

(Paxariño bota un riso case alegre. Pallaso sorrí, afastase dela)

PALLASO: Es unha nena moi boa. Portácheste moi ben... Toma.

(Pallaso tirallo a pedra ás mans. Paxariño colócaa con moito coidado no seu sitio. Déitase. Pallaso senta no sofá e fuma . Pausa. Entra Xornalista. Pausa)

XORNALISTA: A porta está aberta...

PALLASO: Seino, deixeina eu.

XORNALISTA: É vostede da casa?

PALLASO: ...

(Xornalista ve a Paxariño)

XORNALISTA: Quen é?

PALLASO: Un paxariño.

XORNALISTA: Terá frío?

(Pausa. Xornalista achégase, observa a Paxariño, non a toca)

XORNALISTA: Está coidándoa vostede?

PALLASO: ...

XORNALISTA: Son xornalista... Non hai máis ninguén na casa? *(Pausa)* Eh, paxariño! Vives aquí? Apetéceche falar comigo un pouquiño?

(Xornalista saca unha gravadora. Séntase preto de Paxariño)

XORNALISTA: Xogamos a preguntas e respostas? Que pedras tan bonitas, son túas?

(Pallaso bota unha gargallada)

PALLASO: Un aplauso!

XORNALISTA: Quen chamou o pallaso?

PALLASO: A sua mamá. A mamá queridiña. Queridiña, queridiña...

XORNALISTA: Estás triste?

PALLASO: Vostede que opina, venden máis os risos ou as bágoas?

XORNALISTA: Onde está a túa mamá?

PALLASO: Eu diría que os risos, mais, obviamente, non son imparcial... Queridiña.

XORNALISTA: Está contenta? Está triste? Parece nerviosa? Ao mellor ten que tomar algunha medicina para non estar nerviosa...

PALLASO: Eu creo que teño un bo traballo.

XORNALISTA: Víchela chorar?

PALLASO: Fáleme do seu, semella interesante... Falemos, falemos... Permite que a trate de queridiña?

XORNALISTA: Estás enfadada?

PALLASO: Tic tac tic tac tic tac... Que venderá máis?

XORNALISTA: Que che din no cole?

PALLASO: Fuches mala...

XORNALISTA: O teu papá e a túa mamá rifan moito?

PALLASO: Fuches mala...

XORNALISTA: Algunha vez viches a túa mamá moi, moi enfadada? Tan enfadada que houbese que chamar o médico?

(Entra Soledad. Mira a Xornalista)

SOLEDAD: Deixa en paz o paxariño...

(Pausa. Mira o Pallaso)

SOLEDAD: Henrique...

PALLASO: Eu non son Henrique, señora... Onde está o resto?

SOLEDAD: Que resto?

PALLASO: O resto dos paxariños

SOLEDAD: Non hai máis que este.

PALLASO: Ese case non se move, caeu do niño.

(Soledad senta no sofá. Xornalista fica un anaco dubidando e tamén senta. A gravadora na man)

XORNALISTA: Onde vai a protagonista?

SOLEDAD: Tirouse pola xanela.

XORNALISTA: Agora mesmo?

SOLEDAD: Ah, non... Esa era outra.

XORNALISTA: Teñen antecedentes na familia?

SOLEDAD: Temos antecedentes de todo tipo.

(Pallaso quita o sombreiro en sinal de admiración)

XORNALISTA: Son moitas mulleres?

SOLEDAD: Case todas.

XORNALISTA: Curioso, non é?

SOLEDAD: Se as vise todas xuntas, ao mellor.

PALLASO: *(Rindo)* Un aplauso!

XORNALISTA: É tradición familiar celebrar estas circunstancias así?

SOLEDAD: Cada quen ten o seu estilo. O que se di celebrar, non celebramos nada.

XORNALISTA: Desculpe, era un falar.

PALLASO: Falemos!

XORNALISTA: Que opinan os homes da casa?

SOLEDAD: Que homes?

PALLASO: Que homes?

XORNALISTA: Os homes.

SOLEDAD: Están fóra.

XORNALISTA: Todos?

SOLEDAD: Están fóra.

PALLASO: Están fóra.

XORNALISTA: Fóra da cuestión?

PALLASO: Están fóra, hostia!

SOLEDAD: Fóra da casa.

XORNALISTA: Toda esta montaxe é algún xeito de protesta?

PALLASO: Protesto!

SOLEDAD: É unha montaxe, sen máis. Ten lume?

PALLASO: Por suposto!

XORNALISTA: Quizais pretenden tirar algún tipo de beneficio económico...

SOLEDAD: Pódese?

XORNALISTA: Depende da historia.

PALLASO: Se é de risa venderá mais, asegúrolo. Mais, obviamente, non son imparcial.

SOLEDAD: Afán de protagonismo.

XORNALISTA: Afán de protagonismo? É unha razón moi simple, non abonda para unha historia

SOLEDAD: É unha razón importante.

PALLASO: É unha merda de razón.

SOLEDAD: Unha razón sinxela, axeitada ás circunstancias.

XORNALISTA: Si, mais...

SOLEDAD: Mais nada.

PALLASO: Nada de nada!

XORNALISTA: Que sentido ten poñerse á contra de todo o mundo?

PALLASO: Oia!

SOLEDAD: Sentido pode que ningún... Pero polo menos dá moita risa.

PALLASO: Bravo!

(O Pallaso bota unha gargallada e aplaude. Pausa)

SOLEDAD: Como mudan os tempos, cando foi o de Ercilia os pallasos non eran así.

PALLASO: Que lle quere, señora, co devir dos anos pérdese a sobriedade.

XORNALISTA: Quen é Ercilia?

SOLEDAD: A protagonista, non lle dixen? Antes era distinto, non era mellor nin peor, era distinto... Pero tamén había todo isto. Con outro estilo, facíase doutro xeito, sabe?

XORNALISTA: Si.

SOLEDAD: Ao final, sempre é o mesmo...

PALLASO: Non me deixen fóra de tan conmovedora complicidade, señoras. Son un pallaso sensíbel.

(Paxariño érguese dentro do círculo de pedras e fica mirando o fondo da escena. Aparece Estrella vestida cun traxe de noiva. O resto érguese do sofá, Pallaso quita o sombreiro respectuosamente)

ESTRELLA: Cando consigo que o medo crea que non existe e sinto que por fin desaparece, fico na calma.

E xa podo soñar tranquila. Pódome mover e respirar e non me custa facer nada. Fago o que quero cando me apetece sen ter conta. Sen dar conta. Porque o medo xa non está no pensamento, nin no corpo. O medo marchou. E eu sigo aquí.

(Pausa. Diríxese ao resto dos personaxes, que a miran inmóbiles)

Preparei algo para este momento, unha música...
Aínda que ao mellor non é apropiado... Non sei...

SOLEDAD: Xa que estás...

PALLASO: Por favor, señora, adiante... Non se corte!

XORNALISTA: Impórtalle se gravo?

ESTRELLA: Dálle ao play, princesa.

(Soa «Rien de Rien» de Edith Piaf. Estrella avanza cara á fronte da escena mentres canta a canción até situarse no círculo de pedras. Escuro total)

(Luz. Lucía esperta no sofá. Escóitase o rumor dunha tele. Entra Estrella)

ESTRELLA: Nena, por deus! Quedaches durmida toda a noite coa tele posta, co malísimo que é...

LUCÍA: Non me dei conta... Que guapa estás...

ESTRELLA: Grazas. Ao final decidinme por este.

LUCÍA: Séntache moi ben... Soñei contigo.

ESTRELLA: Sí?

LUCÍA: Si. Ben, con todas. Estabamos todas. No meu soño levabas ese vestido.

ESTRELLA: E que pasaba?

LUCÍA: Nada... Preparabas unha festa.

ESTRELLA: Cala, non me fales... Estou desexando que acabe todo isto.

(Fóra da escena escóitase berrar a Mónica)

MÓNICA: Mamá!!

ESTRELLA: Xa vou!... A túa irmá vaime tolear a cabeza...

LUCÍA: Mamá.

ESTRELLA: Dime.

LUCÍA: Estás enfadada comigo?

ESTRELLA: Ti que pensas? Non é para menos.

LUCÍA: Non sei...

ESTRELLA: A que non sabe o que vai dicir cando me pregunten por ti son eu: «Non, é que Lucía quedou na casa porque está en arresto domiciliario, nada... Un percance sen importancia, cousas de crías» Xa me dirás... En fin, inventarei algo polo camiño. Se vén a policía para comprobar compórtate, eh?, non montes máis leas...

(Lucía achégase á nai amodo. Abrázaa)

LUCÍA: Mami...

ESTRELLA: Que vou facer contigo?

LUCÍA: Agárrame, mami, agárrame...

(Estrella acariña os cabelos de Lucía. Entra Mónica vestida cun traxe de noiva a medio poñer)

MÓNICA: Deixádevos de escenas que non dou feito!
Mamá, axúdame por favor!!

(Estrella deixa a Lucía e axuda a Mónica co vestido)

ESTRELLA: Nena, tes que relaxarte ou vas estragar a maquillaxe. Ademais as noivas sempre chegan tarde.

(Entra Soledad cantando. Colle a Lucía e baila con ela)

MÓNICA: Mamá... Mamá, a avoa xa lle deu ao brandy... Como a monte na voda mátoa, eh?

ESTRELLA: Non te preocupes, acabará durmindo na cadeira e nin saberemos que está.

(Entra Bernardo aquelando a gravata. Lucía sepárase de Soledad e fítalo longamente. Bernardo atópalle a mirada. Soledad canta e Estrella segue axudando a Mónica)

LUCÍA: *(A Bernardo)* Tamén soñei contigo...

ESTRELLA: *(A Mónica)* Xa estás lista.

MÓNICA: Que nervios, ímonos xa, por favor!

ESTRELLA: Si, imos xa... Nena, tes bistés na neveira, calquera cousa chámame... Mamá, estate quieta que aínda vas caer e amárgasnos a festa... Espera! Bernardo, fainos unha foto antes de saírmos... Ti tamén, princesa.

LUCÍA: Con esta pinta?

ESTRELLA: Dá igual, muller... Esta é para nós.

(Todas as mulleres se colocan para a foto. Flash. O grupo sae, Lucía fica soa en escena, sentada no sofá. Soa «Let the music play» de Barry White. Fundido a escuro. FIN)

| RAZÓNS DE PESO |



A Anabell Gago, Chelo do Rejo e Ana Punte,
por confiaren a súa mensaxe nas miñas palabras,
por elixírenme para construír con elas este proxecto.

Grazas, Lorena. Grazas, Vitor

| PERSONAXES |

Laura García
Celia Paredes

(Laura entra en escena arrastrando o voluminoso corpo de Celia, que está inconsciente. Déixaa no centro do espazo escénico. No espazo hai un teléfono e unha cadeira con rodas tipo despacho. Senta un momento a descansar pero levántase case ao momento. Móvese nerviosa dun lado para outro, por veces queda no centro da escena mirando o corpo tendido no chan. Non sabe que facer. Colle o bolso de Celia e remexe mentras lle fala)

LAURA: Terás un cigarro, non?... Si, por suposto... Ti sempre tes de todo... Miña nai, este bolso parece unha maleta... *(Laura saca varios obxectos do bolso e curioseoa. Abre un pequeno estoxo e saca unhas bólas chinesas sen recoñecer o que son. Tamén hai unhas esposas. Atopa o tabaco)*. Levaba cinco meses sen fumar, saco de graxa! E sen engordar un gramo, que xa ten mérito! Apunta iso tamén na túa lista de cargos de conciencia, que a estas alturas é ampla, coma o teu contorno...

(Pausa. Laura fuma)

LAURA: En Roma chove. Unha sempre imaxina Roma como unha cidade soleada e alegre, onde apetece poñer vestidos e saias e sandalias... Pero agora está

a chover. Hai unha humidade do 71% e unha temperatura máxima de 13 graos... Iso é pouco. Vai frío e chove, entendes, cousa... ampla? Practicamente tes que poñer o mesmo que aquí, para iso é mellor non se mover da casa, non? Digo eu... Unha sae para comprobar outras temperaturas... Ou non sae.

(Pausa)

LAURA: Non... Roma chovendo non ten engado, sen dúbida, non é o escenario perfecto. Calquera aventura queda deslucida. Pero ti tranquila, eh?, que eu che vou evitar a decepción. Ti quedas aí a durmir unhas horas... Durmir é importantísimo para a cute. 13 graos, que frío... Iso non é nada... En Groenlandia desentoabas menos, seguro... Como enganas... nada nestes intres fai sospeitar a túa ambición desmedida, o teu egoísmo e, sobre todo, o pedazo de porca que es. Porque hai que ver que cousa indecente, dáme pudor só de pensalo... Que pintas ti en Roma, eh? dime! que pintas! Cada cousa ten o seu lugar e hai un lugar para cada cousa e non hai lugar en Roma para unha cousa coma ti! Teño todas as enerxías do universo enfocándome, podó sentilas... Nada pode saír mal. Dentro dun anaco marchó e ti quedas aí durmindo tan tranquila, eu vou para casa tan tranquila e fago o de todos os días tan tranquila e mañá, tan tranquila, chego aquí e atópote... Tan tranquila... Ah, non... tan tranquila non... Mellor que me poña a berrar coma unha tola, non? Para disimular...

(Laura «ensaia» a escena berrándolle a Celia e abaneándoa)

LAURA: Celia! Celia! Oh, Celia! Volve en ti! Que alguén chame unha ambulancia, por Deus! Axuda! Socorro! Celia!

(Celia empeza a acordar cos abaneos. Laura para en seco e fálalle amodo)

LAURA: Non pasa nada, Celia, estás a durmir... Tes moitísimo sono, moitísimo... Durme, vaquiña, durme.

CELIA: Que pasa?

LAURA: Non pasa nada, desmaiácheste. Vaia susto me metiches, por Deus...

CELIA: Todo me dá voltas...

LAURA: O carrusel! Que bonito, verdade? Mírao fixamente, anda...

CELIA: O avión...

LAURA: Que avión, muller? É un carrusel!...

(Celia parece que volve quedar durmida uns intres)

LAURA: Non puxen pastillas dabondo... Claro, a saber onde estarán, por aí perdidas nesa... inmensidade... E agora que, eh? E agora que? Por que tiñas que acordar, estúpida!? Sempre te metes no medio, sempre o estragas todo! Pero non penses que me vou botar atrás, non, señora... Isto segue adiante como me chamo Laura... Necesito pensar... Pensa, pensa, pensa...

(Laura móvese polo espazo, pensa, busca... Lembra as esposas, mira a Celia)

LAURA: Non hai marcha atrás... O fin xustifica os medios.

(Laura esposa a Celia que volve en si, pouco a pouco)

CELIA: O avión...

LAURA: Cala xa, cousa pesada!

CELIA: Que pasa?

LAURA: Durme!

CELIA: Estou atada?

LAURA: Non, querida, é a conciencia que che paraliza os músculos...

CELIA: Por que estou atada?... Roberto?

LAURA: Será pendanga... Que durmas!

CELIA: Laura?

LAURA: Ola.

CELIA: Por que estou atada?

LAURA: Silencio! Non estás tan atada.

CELIA: Si que estou...

(Laura fala mentras amordaza cun foulard a Celia, que xa volveu en si)

LAURA: Que non! A ver... Si... Un pouco si que estas, é evidente, é un feito innegable, non hai dúbida posible. Aí estás: atada... Toda ti... Pero agora escóitame ben, escoita atenta e relaxada. Abre os ollos... Que abras os ollos! *(Laura levanta a man como para lle dar unha losqueada)* Iso é... Se te tranquilizas, todo vai saír ben, como nas películas. Para empezar quero deixar claro que isto non é un secuestro, é unha retención temporal, vale? E a única e principal responsábel desta situación es ti, por acordares antes de tempo, vale? Todo estaba saíndo segundo o previsto. Ti quedabas durmida, acordabas aquí al-

go confusa –ou te rescataba eu– e xa está... Ves que doado? Pero non, ela tiña que espertar e estragalo todo. Así que agora estás retida temporalmente, poñamos que... Un par de horas. Iso non chega a secuestro, a que non? Porque isto non é un secuestro. A ver, repite comigo: isto non é un secuestro, repite! Que repitas! (*Laura volve erguer a man. Celia repite detrás da mordaza*) Isto é unha retención temporal. Repite! (*Celia repite*) Así, moi ben. Dúas horas. O tempo xusto de perder un avión... (*Laura berra e abanea con violencia a Celia*) O avión no que debería estar eu, océano de graxa!!

(Celia neste tempo espertou totalmente, mira horrorizada a Laura e de súpeto trata de fuxir, pero non é quen de erguerse do chan)

LAURA: Deixa de facer o ridículo, por favor! Non, se aínda te vas mancar... Ponte quieta! Que pares, foca enaxenada! Detente, gorda do demo!

(Laura segue falando mentres axuda a Celia a erguerse con gran dificultade e a senta na cadeira. Despois de recuperar o alento, mentres fala, saca as medias e un pequeno cinto que leva e ata como pode a Celia)

Así xa está mellor... non oes? Con silencio os pensamentos flúen, o entendemento é propicio... Nunca é tarde para cambiar o devir dos acontecementos, sexamos entendemento! Voute axudar a sentar nesa cadeira, vale, baleíña? E ti vaste portar moi ben. (*Laura segue falando mentras axuda a Celia a er-*

guerse con gran dificultade e séntaa na cadeira) Ti cres no destino, amiga inmensa? Eu non... Ben, ao principio si, cando era nova... máis nova quero dicir... Deus, canto pesas? Tres toneladas?... Eu nacín para triunfar, todo o mundo mo dicía de pequena e de máis grandíña tamén, lévoo aquí, na fronte, onde me bicou miña nai. Só estou reclamando o meu, entendes? Aínda que o triunfo é relativo, xa o dixo Einstein... *(Cando Celia está sentada, Laura míraa a certa distancia tratando de recuperarse do esforzo)* Ímonos relaxar! A banalizar! A frivolizar! Lemos unha revista e comentámola? Veña, muller, ánimate, que parece mentira... Co aberta e simpática que es ti, sobre todo aberta...

(Celia trata de dicir algo tras da mordaza ao tempo que soa un móbil no seu bolso, Laura queda paralisada uns segundos. Celia reméxese, berra algo tras da mordaza. Laura vai cara ao bolso, colle o móbil e mírao)

LAURA: Non o podo crer! Roberto Sanz, o noso xerente! Querará saber por que tardas, é natural... Vaite levar el ao aeroporto? Que detalle...*(o móbil para)* Anda! Non cho dixen? Resulta que o sei todo, coñezo o teu sorprendente segredo, que pensabas? Vou mirar a túa axenda un momento, se non che importa, a ver quen máis hai, é por saber... Non o podo crer! Xosé Antonio!? Xosé Antonio... Xosé Antonio o de administración? O teu é inenarrable... E Xaquín! e Xan Díaz!... Mellor non miro o resto das letras. Vaia, que tranquila quedaches de pronto... Tes algo que dicir na túa defensa?

(Laura achégase a Celia e sácalle a mordaza)

CELIA: Estás tola? Que che pasa? Que significa todo isto? Estaste a meter nunha boa!

LAURA: Ti cres?

CELIA: A ti que che parece? Isto é un secuestro!

LAURA: A min paréceme que é unha retención temporal e que a muller de Don Roberto podería estar moi interesada en enteirse de todo...

CELIA: De que estás a falar, tarada?!

LAURA: Non fagas a parva, Celia, que xa sei que tes un lío co xefe... Por certo, o voso a cando se remonta? Ou monta tanto? É unha cousa así de hai pouco ou é algo estábel?

CELIA: A ti que che importa? Sóltame agora mesmo ou chamo a policía!

LAURA: E como chamas, estúpida, se estás esposada... Veña, non sexas así, cóntame... Desde antes de que chegara eu á empresa? Tanto? Que relación máis estábel, que madurez, que compenetración... Ti cres que a muller de don Roberto o tomará moi a mal? Temos tempo, eh?...

CELIA: Non te atreverás...

LAURA: Parece unha muller así moi visceral, non? Vaia escándalo se podía montar... Mira, é que estou por renunciar á chantaxe e chamala directamente, paga a pena a escena... Sería como Nerón contemplando as labaradas que devoraban Roma... Roma...

CELIA: Ah! Así que é iso, verdade? Estás doente polo da sucursal!

LAURA: A miña sucursal!

CELIA: Perdoa, Laura, pero é a MIÑA sucursal. A vida é así, querida, es nova, algún día conseguirás a TÚA

sucursal, non te preocupes, todo chega. Ala, acabemos con isto... Sóltame.

LAURA: Se alguén merecía ese posto era eu! Eu!

CELIA: Non me berres que che cruzo a cara.

LAURA: Con que man?

CELIA: Hai que saber perder, Laura, as cousas chegan cando chegan. Por antigüidade correspondíame a min.

LAURA: Isto é unha inxustiza!

CELIA: Que non berres! E realmente cres que vas conseguir algo con todo isto? Como moito lograrás que te prendan, imbécil!

LAURA: Pasei moitas horas traballando!

CELIA: E eu non? Levo quince anos aquí e ti apenas cinco...

LAURA: Non me fagas lembrar en que empregas as túas «horas»

CELIA: Como te atreves? Non podo crelo... Isto é un brote, verdade?

LAURA: Un brote?

CELIA: Sí, un brote mental, deses... Por estrés. Necesitas vacacións...

LAURA: De brote mental nada, papona, chegou a hora de facer xustiza!

CELIA: Estás coma un funil, quen o ía dicir...

LAURA: Que hai de malo en ter ambicións?

CELIA: Nada, tarada, con tal de non chegar a extremos de secuestro...

LAURA: De retención. Ai... Moito me presta a axenda do meu móbil, seguro que teño ata o teléfono da nai de don Roberto...

CELIA: Serás cabrona...

LAURA: É o que ten ser unha empregada tan dilixente e meticulosa coma min. É unha señora finísima,

educada... Dona Gervasia... O nome é unha mágoa, verdade? O sogro de don Roberto, non obstante, é máis... Como diría eu? Recto, un home conservador, de principios firmes, Onafre Montaner, que vén a ser o dono e señor da empresa, lembras? Que revirada arañeira, parece unha telenovela... Douche un pouco de medo? A filla imítalle moito, é unha muller tipo... Ciclón, tipo... Atila... Aurora Montaner, só escoitar o nome xa dá arrepió, a ti non che pasa? En fin, un caso claro e típico de braguetazo de toda a vida... E terei o seu número? Miremos na miña marabillosa axenda! Anda, mira! Aquí está! Si! Si! Si!

CELIA: Deixa ese móbil! Cala! Para quieta!

LAURA: Non me dá a gana! Estou farta de calar!

CELIA: Pero se non fas máis que falar, histérica do carallo!

LAURA: Eu debería ir a Roma, eu! Eu si que o merezo! Porque me mato a traballar para esta empresa desprezábel que non merece a alguén do meu talento! Porque estou preparada! Por méritos! Por coñecemento! Ti non sabes dicir nin «ola» en inglés! A ver, di «ola» en inglés!

CELIA: Hello!

LAURA: De casualidade! Non vou permitir que me arruines a vida, gorda lasciva!

CELIA: Ti de non comer toleaches, nena, non hai dúbida... Dáme o teléfono, anda, que teño que chamar ao 061... Isto é unha emerxencia...

LAURA: Non estou tola, estou farta! Eu non me ergo hora e media antes todos os días para estar perfecta, marabillosa e impecábel para que veña unha... Unha... Un esperpento coma ti a me arrebatat todo!

CELIA: Eu tamén estou farta, estúpida! e non me dedico a facer a psicópata coa xente. Sóltame agora mesmo!

LAURA: Non! Aquí quedamos as dúas.

(O móbil de Laura soa. Ela mira quen chama e colle con premura)

LAURA: Ola... Si, si.. Aínda estou aquí

CELIA: Socorro!

LAURA: Estou con Celia... Traballando...

CELIA: Auxilio!!

LAURA: *(Laura tápalle a boca a Celia)* Nada, é Celia que está de brincadeira... É que xa levamos moito tempo aquí, cos balances... Logo xa te chamo, vale? *(Laura colga)* Queres calar dunha puta vez? Oh, meu Deus! Mira como me fas falar! Ninguén te vai escoitar, estamos soas...

CELIA: Non te achegues! Afástate de min, tola!

(O móbil de Celia soa)

LAURA: Don Roberto debe estar impaciente...

CELIA: Sóltame! Teño que coller ese avión! Eu non teño a culpa disto, eu traballei tanto ou máis ca ti, cerebro de liposoma!

LAURA: Non te vou soltar!

CELIA: Sóltame xa, anguía noxenta! Pendanga! Arribista! Filla de puta!

LAURA: Nai de Deus, que lingua! Como non cales amordázote outra vez!

(O móbil para)

CELIA: Sóltame!

LAURA: Non.

CELIA: Sóltame, Laura e esquezo todo isto. Non empeores as cousas, en calquera momento pode vir alguén. A chave está no meu bolso.

LAURA: Vir? A que, a traballar?

CELIA: Teño que coller ese avión, Laura.

LAURA: Non.

CELIA: Sóltame ou xúroche que vas quedar sen pelos na cabeza!

LAURA: Eu fágoo polo teu ben, non o ves? Para que non fagas o ridículo, ti es un pouco bruta, Celia, perdoa que cho diga, non te sabes manexar en ambientes de alto standing... Non pintas nada en Roma, eu teño máis estilo, estou mellor preparada...

CELIA: Preparada para que, saco de naftalina? Estás máis pendente da túa manicura que de dirixir unha empresa!

LAURA: Unha manicura correcta é fundamental. Un aspecto ben coidado supón o 50% das posibilidades de éxito en calquera cousa. Dedícolle tempo ás miñas uñas... As miñas uñas son importantísimas.

CELIA: Para arrincar ollos.

LAURA: E non vexas que ben manexo o Excell e o Access... Moito me prestra baixar a mirada e ver esas uñas triunfadoras voando de tecla en tecla. Síntome máis excell, fíxate...

CELIA: Isto non che vai saír ben. Pero non te preocupes, se alegas enaxenación mental transitoria...

LAURA: E por que non vai saír ben? Que pode fallar? Ninguén vai saber o que sucede aquí. Eu non vou dicir nada e ti tampouco, verdade, roliño de prima-

vera triple? Porque á mínima fago unha chamada, ou dúas, ou tres! E nun santiamén acabo coa túa feliz e arrebatada aventura e ao teu amante arruí-nolle a vida!

CELIA: Ninguén te vai crer!

LAURA: Teño fotos!

CELIA: Non tes escrúpulos nin vergoña, filla de puta!

LAURA: Modera a túa linguaxe, non é propia dunha señora!

CELIA: Ti non tes nin idea do que é ser unha señora!

LAURA: Bastante máis ca ti, ridícula! Deberías ser digna, gardar as formas e non entregarte a paixóns secretas con homes casados! Roubamaridos!

CELIA: Meu Deus, é Benedicto XVI!

LAURA: Son o anxo do Señor!

CELIA: Socorro!

LAURA: Non te asustes, barriliño, estou de broma. Mira, a min dáme igual o que fagas coa túa vida mentres non interfira na miña. O mellor é que renunciés ao posto e tan amigas...

CELIA: Estás moi afeita a que cho poñan todo aos pés, ben se che ve, pero advírtoche que a vida non é así, xa te irás dando conta... E que saibas que me amaño perfectamente soa, non necesito ao marido de ninguén e non penso renunciar a ese posto... Gañei a pulso esta sucursal! Comín moreas de merda durante anos, aturei de todo con paciencia e boa cara, traguei todas as bágoas do mundo, foron anos de mollar donuts en pranto, mocosa! Non me veñas dar leccións de xustiza. Non vou renunciar á sucursal, antes morta!

LAURA: Non deas ideas...

CELIA: Non che collen nese minicú do talle 38.

LAURA: 36, perdoa.

CELIA: Peor mo pos. Todo é máis fácil neste mundo para os minicús, todo. Vivimos na Escura Era dos Minicús. Pero un cu nunca é minicú dabondo, verdade? Nunca. Ése é o problema. Que nunca nada é suficientemente pequeno, nin o móbil nin as bragas. E obsesionaste ata que a ansia te fai desaparecer, xusto por aí. Pérdeste polo cú, nena. E nin sequera chegas a sacarlle beneficio...

LAURA: Filosofías non, por favor, que non teño o día.

CELIA: Dás mágoa... Pareces poca cousa para tanta desesperación, mira ao que chegaches... Hai que foderse... E aínda terás máis que dicir... É incríbel a capacidade que tes para te alienar do mundo cru, que, por certo, rima con cu...

LAURA: Estou absolutamente preparada para este mundo, ou que pensas? Teño seguido fielmente as instrucións. Paso por paso.

CELIA: Seica non che valeron de moito, polo que parece... Ti estaste vendo, Laura?

LAURA: Estou moi despeiteada?

CELIA: Estás moi mal da cabeza, neniña. Sóltame, anda, e esquecémolo todo.

LAURA: Non, agora estás nas miñas mans...

CELIA: E para que me queres nas túas mans, estúpida?

LAURA: Non o sei aínda! Estou tentando pensar, cala dunha vez! Non quero oírte!

CELIA: Sempre fuches rara de narices... Tiña que telo imaxinado, unha arribista minicú máis. Anda que non as vin desfilar pola empresa... Sempre deixan un regueiro de babas por onde pasan. Hai que foderse con vós. Aínda por riba hai que vos aturar as neuroses.

LAURA: De arribista nada, todo o que teño conseguido por méritos.

CELIA: Se por méritos entendes operar as tetas...

LAURA: Cres que o necesito?

CELIA: O que necesitas é unha boa dose de Orphidal...
Xa verás como quedas máis relaxada...

(Pausa. Laura mírase e sopesa as súas tetas)

CELIA: Canto hai que o sabes?

LAURA: O do teu asunto co xefe? Un par de meses...
Foi de casualidade.

CELIA: Xa, claro.

LAURA: Xúrocho... Son unha persoa que sabe aproveitar as oportunidades cando se presentan.

CELIA: Si, e se non se presentan, secuestras, o que fai todo o mundo, vaia...

LAURA: Ésta é unha situación límite, desas situacións determinantes que se che presentan na vida, cando tes que demostrar o que estás disposta a facer por conseguir o teu obxectivo...

CELIA: En canto me poida erguer desta cadeira vouche cambiar a cara a sopapos, vas pasar o resto da vida pagando o crédito da cirurxía estética...

LAURA: Ti cres que teño falta? Non te poñas violenta, por favor, iso pode afectar ao teu karma. Se queres cóntoche como foi, temos tempo...

CELIA: Si, adiante, interésame moito saber os detalles da túa vil espionaxe.

LAURA: Pois verás, é moi emocionante. Un día, despois do traballo tiven que facer un recado por aquí preto, así que xa non movín o coche do aparcadoiro e cando volvín a recollelo, vinte saír. Estrañoume que saíses tan tarde porque ti es puntualísima...

CELIA: É que teño vida máis alá das seis...

LAURA: Non, xa... Ao que ía, lembrei que ese día o pasaras enteiroño lamentándote de ter que quedar despois da hora para acabar uns balances, paréce-me que ese día non quedou ninguén sen sabelo, es pesada en todos os sentidos...

CELIA: O que hai que aguantar...

LAURA: Non sei o que foi... Se cadra algo na túa maneira de mirar en todas as direccións ao saíres, a túa cautela... Tiñas o delito debuxado na mirada...

CELIA: Deberían prohibir a Agatha Christie...

LAURA: Colliches o coche, a min proeume a curiosidade e seguinte. A emoción embargábame, o corazón latexábame á présa, algo me dicía que estaba diante dun feito importante...

CELIA: Dicíacho a neurose...

LAURA: Fuches ata a praia, aparcaches cabo do Solyssombra e alí, na terraza, quen estaba? Don Roberto! Feliciteime pola magnífica intuición que tivera. Alí estaba o tomate, diante de min, o Segredo! Ti non baixaches do coche, el viute, foi ata o seu, púxoo en marcha e agardou. Entón, ti subiches ao seu coche aparentando naturalidade, e el arrincou... Oe, agora que o penso, non é un pouco arresvesado o do baile de coches? En fin, nese momento pensei que xa fora dabondo pero...

CELIA: Pero non era, claro... Querías saber máis...

LAURA: Xa que estaba alí... Ti farías o mesmo, non o negues... Ademais, mellor ter os máximos detalles posíbeis, non? Seguinvos ata un motel, «O Oasis», que nome tan apropiado... Apartamentiños coquetos, móbeis de Ikea, garaxe individual...

CELIA: E ti como sabes iso?

LAURA: Mireino despois, por internet...

CELIA: Xa...

LAURA: Quedei alí parada un anaco, co coche en marcha. Sentinme un pouco idiota, pensando: E que? E isto, que? Que pouco imaxinaba que «isto» tería tanto sentido despois...

CELIA: Despois?

LAURA: Si, despois... Dúas ou tres semanas máis tarde...

CELIA: Non te entendo...

(Pausa. Laura queda pensativa)

CELIA: Eh, víbora! Esperta!

LAURA: Deume todo un pouco de vergoña, a verdade...

CELIA: Non me digas

LAURA: Si, non estaba orgullosa de me sentir así, total a min que máis me daba, pero non sei... Todo parecía un pouco incríbel...

CELIA: Que é o que che parecía tan incríbel?

LAURA: Ben, non o sei... Unha mírate, mira a don Roberto, unha volve mirarte... Resulta sorprendente, ti non estás sorprendida polo que che pasa?

CELIA: Non.

LAURA: Non?

CELIA: Non.

LAURA: Pois vaia, deberías... Porque a ver, Celia, ti xa sabes como están as cousas, non?

CELIA: Que queres que che diga eu...

LAURA: Non resulta sorprendente que don Roberto arrisque... tanto?

CELIA: Oe, ti non estarás namorada de Roberto, verdade? É iso? A que é iso?

LAURA: Pero que dis! Don Roberto non é o meu tipo para nada e ademais eu teño mozo e sonlle fiel...

CELIA: Tes mozo?

LAURA: Si.

CELIA: O que chamou antes era o teu mozo?

LAURA: Si...

CELIA: Nunca falas del.

LAURA: Non me gusta falar da miña vida privada.

CELIA: Será que non tes nada que contar.

LAURA: Teño moito que contar, o que pasa é que non me dá a gana.

CELIA: Si, xa, claro... Canto tempo levas con el?

LAURA: Se o conto segundo o calendario, saen tres anos.

CELIA: Non o ves moito, eh?

LAURA: Por que o dis? É que non para de traballar, e eu tampouco... Está todo o día pegado ao ordenador... Quedamos o domingo para ver algunha peli na casa ou o sábado pola noite imos a algún sitio, a cear, ao cine... O normal, o que fan todas as parellas... Pero falamos case todos os días.

CELIA: Menos mal que as compañías de teléfono se fan cargo das novas formas de relación e adaptan as súas ofertas.

LAURA: Non, por teléfono non, polo messenger.

CELIA: E iso é falar?

LAURA: Ben, é un xeito de comunicarse, é cómodo... El na súa casa e eu na miña... Somos unha parella moi moderna...

CELIA: As inimigas dannos a medida do que somos, non hai dúbida... Sabes? Antes tamén pensaba coma ti. Pensaba coma ti acerca de min.

LAURA: Non entendo...

CELIA: É normal, es emocionalmente incapaz e mentalmente nula. Non te preocupes, pásalle a moita xente. É unha mágoa que non operen o cerebro igual que operan as tetas...

(Pausa)

CELIA: Sabes como foi? Como empezou a ser?

LAURA: O que?

CELIA: A miña historia con Roberto...

LAURA: Vasma contar, verdade?

CELIA: Por que non? Xa que estamos en plan confianza... Ademais, tamén é unha historia moi emocionante... O día que nos viches era o noso aniversario. Encontrámonos unha vez ao ano dende hai tres e pasamos a tarde e a noite xuntos. Só un día. Coma unha homenaxe. Antes houbo moitos outros días, eu levaba uns cinco anos traballando aquí, coa miña vida de gorda normal e corrente, chea de suspiros e carbohidratos. Un día, empezaron a aparecer pequenos agasallos na miña mesa, agasallos tipo: un par de bombóns, un caramelo de chocolate cun recheo exquisito, pequenos anacos de froitas confeitadas... Todo envolto en papeis brillantes, como pequenas xoias... E eu non sabía quen as poñía aí... Así, durante meses... Ao principio pensei que se trataba dunha broma cruel, non sería a primeira vez... Á xente gústalle rirse das gordas, é como unha afección, igual que secuestralas... Ben, sigo. Pasaban os días, incluso pasaron os meses e seguían aparecendo os paquetiños. Eu sospeitaba de todos, tiña o corazón nun puño: será este?, será este?, e soñaba con mans masculinas

que poñían na miña boca anacos de comida doce, comida salgada, comida de entrehoras, comida de temporada... Andaba acendida, sabes?, fóra de min... Eu non sabía quen podía ser e a todos os miraba con intención... Tanta intención poñía que a maioría deles fuxían espavorecidos, pero fíxate ti que outros non. E iso resultoume revelador, creme. Pero esa é outra historia... Continúo. Despois dos pequenos agasallos chegaron as invitacións, aparecían no meu escritorio en calquera momento, metidas nun sobre elegante co meu nome impreso... Reservas para restaurantes de nivel. Eu chegaba ao sitio e había unha mesa preparada para min, un menú encargado, un viño elixido... Todo exquisito... Só que ceaba soa...

LAURA: Pois vaia plan...

CELIA: Non! Era moi excitante...

LAURA: Sí?

CELIA: Si... Porque eu pensaba que nalgún lugar do restaurante el estaba a mirar para min e ceaba sabéndome observada, entendes?

LAURA: Non... E se non estaba mirando, que?

CELIA: Dá igual, o importante era como me sentía eu...

LAURA: A min paréceme moi revirado.

CELIA: Ti si que es revirada... Despois empecei a atreverme coa roupa, total, vestir con túnicas e manteis non me ocultaba nin melloraba nada, así que comecei a presumir de touciño. Ao principio facíao por gustarlle a el, pero despois xa o facía aínda sabendo que non me vería. Os sábados, os domingos... E saía, ía ao cine, a tomar un café, a pasear... E decateime de que cando empezas a mirarlles aos ollos ás persoas xa é mais difícil que se rían de

ti... E xorden outras cousas... Non foi doado pero púxenme da miña parte, sabes? E non tiven que ler ningún manual de autoaxuda...

LAURA: E logo de cebarte durante meses que pasou? Chegou a hora do sanmartiño?

CELIA: Un día entrei no despacho de Roberto para deixarlle uns documentos. El saíra con présa porque don Onofre o estaba a agardar na sala de xuntas ou algo así. E daquela vin dúas cousas: Catro sobres sen usar iguais aos das invitacións que eu recibía enriba da súa mesa e algo na pantalla do seu ordenador: unha páxina web con fotos de mulleres... Mulleres núas, xa sabes...

LAURA: Unha páxina desas... Porno?

CELIA: Algo así... Ben, si, era porno... Porno a máis non poder. O que máis me chamou a atención foi que as mulleres eran... Gordas. E facían de todo, eh? Que non vexas que enxeño...

LAURA: É o que ten o porno, nunca desatende minorías...

CELIA: Quedei de pedra porque iso si que non o agardaba. Quen o ía dicir... Púxenme moi nerviosa, volví correndo á miña mesa... Todo podía ser unha casualidade, non?

LAURA: Non...

CELIA: Non, é certo... Non o era... Fíxoo aposta. Cheguei á casa e busquei en internet, vin fotos, películas, páxinas, lin testemuños... Algunha vez pensara en facelo, pero nunca me atrevera. E sabes que descubrín? Que ser gorda non me condenaba necesariamente a unha vida de reclusión, películas románticas e bocadillos de xamón. É fácil falar, quedas moi ben se dis: a min non me importa o físico e

quedas de persoa moderna e tolerante. Comprendín que había un espazo para alguén coma min, un espazo á miña medida. O mundo é grande. Todo está na miña man. O que me pasou con Roberto foi un simple sinal e estou orgullosa de telo seguido. Non só foi o sexo, foi todo o demais... Sentínome afouta, resolta, eficaz e tanto o sentín, que me convertín nunha muller afouta, resolta e eficaz. Ardía e quería que o mundo o soubese. Son unha muller ardente!

LAURA: Non fai falta que o xures, non hai máis que mirar o bolso... Por certo, que son esas bólas?

CELIA: Bólas chinesas.

LAURA: As que se meten na...

CELIA: Esas. Mira como sabes...

LAURA: E ti mételas na...

CELIA: Sí.

LAURA: E as esposas?

CELIA: Que?

LAURA: Para que as usas?

CELIA: Lévoas por se acaso. Sempre hai alguén que prefire resistírseme. Non podes imaxinar a chea de cousas que hai... Unha cantidade de complementos... Unha vez que empezas xa non hai quen pare, todo che parece feitísimo... É un gran mercado este, eh? Eu teño accións nunha empresa coreana especializada en vibradores ecolóxicos, van sen pilas, con enerxía solar...

(O móbil de Celia soa. As mulleres quedan paralizadas, mirándose, como volvendo á realidade)

CELIA: Dáme o móbil.

(Laura non se move)

CELIA: Laura, dáme o móbil. Bule!

(Laura segue sen moverse, como en transo)

LAURA: Allora?

Cosa fai?

In giro. E te?

Niente, qua...

Si, piu o meno...

Arrivederci... *(o móbil para)* Ciao... Tutto é perso...

CELIA: Isto é a hostia... *(Pausa)* Préndeme un cigarro, anda, tarada... Teño a boca seca...

LAURA: É polas pastillas, queres auga?

(Laura busca auga e dálle de beber a Celia. Prende un cigarro e dálle caladas á outra. Fuman en silencio)

CELIA: A verdade é que ti nunca falas moito de nada...

LAURA: Porque en horario laboral eu dedícome a traballar, non coma outras... Non hai tempo que perder.

CELIA: Claro... E de tanto non perder o tempo, perdes todo o resto.

LAURA: O tempo voa. Xa o di miña nai.

CELIA: Ás veces senta ben perder un pouco de tempo, tiralo, a ver que pasa... Eu de pequena inventaba historias, podía pasar horas imaxinando sentada nunha pedra, cabo do río...

LAURA: Estabas horas sen facer nada?

CELIA: Na aldea o tempo pasa de maneira distinta, eu era unha nena fermosa e a xente dicía fermosa coa boca chea, así: fermosa.

LAURA: Eu era unha boneca.

CELIA: Si, a noiva de Chukie...

LAURA: Miña nai poñíame vestidos con puntillas e fitas e encaixes e zapatiño de fibela... Máis riquiña estaba...

CELIA: Miña nai tiña que monxer as vacas, non había tempo para fitas... Oe, Laura, eu penso que xa é dabondo, non? Por que non me soltas? Non compliquemos máis as cousas, non estás cansa? Esquezámonos de todo isto, non lle vou dicir a ninguén que es unha psicópata.

LAURA: Or poserai per sempre,
Stanco mio cuore.
Perì l'inganno estremo,
Ch'èterno io mi credei. Perì. Ben sento,
In noi di cari inganni,
Non che a speme, il desiderio è spento.
Posa per sempre. Assai Palpitasti.

CELIA: Soa ben, que di?

LAURA: Nin idea

CELIA: Algunha vez estiveches en Italia?

LAURA: Non

CELIA: Algunha vez estiveches nalgures?... Teño o brazo dereito durmido...

LAURA: Síntoo, nena, as retencións temporais son así: incómodas... Viaxeí moito... Ben, algo...

CELIA: Non quererás que me dea unha trombose, non? As persoas coma min somos propensas. Sería homicidio involuntario... Non te vexo eu no cárcere recitando poemas en italiano...

LAURA: Fun a moitas partes... Ben, a algunhas...

CELIA: Escóitame?

LAURA: Claro que nunca son suficientes... Nunca hai tempo, sempre hai tanto que facer...

CELIA: Sempre... Nunca... Es a moza-adverbio. Colle a chave no bolso, anda.

LAURA: Que chave?

CELIA: A das esposas, cona! Estáme a doer moito o brazo.

(Pausa. Laura pensa. Vai ao bolso e busca)

LAURA: Non a vexo...

CELIA: Está nun peto pequeno.

LAURA: Non...

CELIA: Como que non?... Busca ben...

LAURA: Que non está, Celia, mira, non está...

CELIA: Non pode ser...Merda...

LAURA: Ben, tranquila...

CELIA: Como que tranquila, estúpida? Como que tranquila? Xa estás a facer o que sexa para sacarme de aquí, ósme? Sácame de aquí!!

LAURA: Non te alteres, vale? O estrés non é bo para o pelo...

CELIA: Eu mátole! Mátole!

LAURA: Non me berres, Celia, que me poño nerviosa, hostia! A quen se lle ocorre saír cunhas esposas sen chave... Iso é unha cousa básica.

CELIA: Non podo crer o que me está pasando, non o podo crer...

LAURA: É o destino, Celia.

CELIA: Que cona de destino? Ti si que deberías estar atada, tola!... E agora que facemos, dime, dona Ideas!

LAURA: Imos quedar aquí ata que se me ocorra unha solución, non te preocupes.

CELIA: Oe, Laura, isto é unha estupidez e sabes por que? Porque aínda que perda este avión, haberá

outros, a sucursal é miña, entendes? Miña! Non vas poder evitar que me vaia desta merda de cidade, que venda absolutamente todo o que teño e que vaia empezar unha vida nova. Non o vas poder evitar porque tes razón: É o meu destino! E non vou renunciar a el!

LAURA: E que hai do meu destino? E o meu? Érgome hora e media antes do normal para estar divina, cona! Que hai das horas que pasei aturando mamalóns e listos de máis? Hai que recibir o señor Fulano ou Mengano e quen vai? Laura, por suposto, que ten boa planta, que para iso está. A tratalos coma señores de nivel, coma auténticos homes de negocios, cando en realidade son uns marulos impresentábeis que dan risa e que te ispen coa mirada. De cada cinco palabras, tres son alusións babosas. Ou iso, ou te miran cun desprezo infinito, ou cunha condescendencia noxenta, coma se por ser muller che aborrecera a lei da oferta e a demanda, así... Por definición. E logo as sabotaxes estúpidas das secretarias envexosas e mesquiñas que cada vez que poden aproveitan que paso para arrincar-me un cachiño de pel...

CELIA: Mira, neniña, isto non é fácil para ninguén. Non me dás ningunha mágoa e, se é por poñerse dramáticas, aquí hai un papeliño para todas, eh? Se queres cóntoche eu o que teño que aturarlle aos marulos eses que se rin á miña costa porque para iso son a gorda e teño que foderme.

LAURA: Menos mal que somos mulleres con recursos, eh, amiga?

CELIA: Que insinúas?

LAURA: Non insinúo, afirmo!. Conseguiches a sucursal

sal deitándote co xefe. Estouno a dicir e aínda non o creo de todo... Que casualidades ten a vida, quen cho ía dicir, eh? Nin sequera ti dabas un peso por ti mesma e tócache un xefe con fantasías á túa medida. Hainas con sorte... Iso é xogar sucio! É competencia desleal!

CELIA: A decisión de darme a sucursal non foi de Roberto, senón de don Onofre, cafre!

LAURA: Pero non me negarás que seguramente Don Roberto falou moi ben de ti!

CELIA: Porque fago ben o meu traballo e levo quince anos nesta empresa deixando o peello! Busca a puta chave, Laura!

LAURA: Dígoche que non está! Hai razóns profundas... Tan profundas que non sempre se explican. Estou enfadada, Celia...

CELIA: Hai que foderse...

LAURA: Eu tampouco son perfecta! Se no fondo eu enténdote! Cres que eu non teño complexos? Durante moito tempo odiei as miñas orellas, por exemplo...

CELIA: As orellas?

LAURA: Si, as orellas... Parece unha parvada, non si? Pois non o é. Eu non me dei conta de que as tiña grandes ata que unha nena do colexio o dixo berrando diante de toda a clase.

CELIA: Que mala... Hai que ver...

LAURA: E ría moi forte, sabes, non?

CELIA: Fágome unha idea... Como cando a gorda caía e quedaba boca arriba, pateando, loitando encarnizadamente contra a gravidade, mentres a clase chamaba un guindastre a coro...

LAURA: O neno que me gustaba tamén se riu. Iso foi o que máis me doeu... Que traidor... Déronme ganas

de coller os seus debuxiños de corazóns e tiralos polo váter.

CELIA: A min nunca me debuxaron corazóns... Déixate de parvadas e sóltame!

LAURA: As persoas maiores sempre me dician: que riquiña, que feita, que nena máis guapa...

CELIA: Sempre que alguén di algo sobre comer ou comida, por exceso, por defecto ou por quintais, miran para min... Eu agora, cando pasa iso, pido unha ración de calquera cousa e quedo tan ancha.

LAURA: Parece unha princesa, unha boneca, un anxo... Que linda está con ese vestido... Pero nada de orellas grandes!

CELIA: A min, en todo caso, louvábanme o estampado da tea de mantel que levara nese momento.

LAURA: Eu estaba feliz, perdida entre as puntillas e os volantes e o pelo ben cepillado, delicada e sutil, para que ningún xesto do meu corpo me afeara, entendes?

CELIA: Por favor, Laura, queres deixar de dar a lata e pensar un pouco en como...

LAURA: É moi difícil xogar cando non podes manchar o vestido!

CELIA: É unha traxedia... Meu Deus... Por que me pasará isto a min? Irá en proporción ao volume que ocupas neste mundo?

LAURA: E de súpeto, descubro que teño as orellas grandes e non sei por que, todo se me vén abaixo... Ese día cheguei chorando á casa e nunha arroutada cortei o pelo. Xa podes imaxinar a cara que puxo miña nai. Deume un lapote e todo. O cabreo duroulle varios días, a escola foi un suplicio porque co pelo curto as miñas orellas aínda se vían máis...

Faltaban quince días para o Nadal e estabamos a preparar o Nacemento na escola, eu ía ser a Virxe María! Miña nai fixérame unha túnica cor turquesa preciosa, cunha cenefa de ouro e toda a familia viría para verme. Pero claro, onde se viu unha virxe co pelo curto?

CELIA: Pois a min paréceme moi innovador...

LAURA: Non houbo xeito de convencer a mestra. Total, co veo non se ía notar, pero ela dicía que o Espírito Santo nunca se tería fixado na Virxen se levase o pelo curto e que imaxinara o desastre, que o Neno Xesús non nacería e sería a fin da nosa civilización. Ese día xureime a min mesma que, en canto puiden, íame operar como facían as famosas e acabaría co meu infortunio.

CELIA: Daquela non había psicólogos infantís; hoxe en día ata hai cirurxáns plásticos infantís, así as adolescentes poden seguir comendo donuts mentres lles sacan os complexos por un tubo... Tetas de fin de curso... Liposuccións de selectividade...

LAURA: Todas as persoas maiores me rifaban: pero como fixeches iso, parviña? Co guapa que estabas, agora pareces un neno... Como se escachase un vaso caro ou unha figuriña de porcelana.

CELIA: A xente nunca entende nada... Claro que isto, por exemplo, non o entendería nin cristo e non é cousa de reprochar...

LAURA: E esas risas lembráronme as outras risas...

CELIA: Que risas?

LAURA: As outras.

CELIA: Cales?!

LAURA: Mamá dicía: «Teñen envexa porque es guapa e lista e elas non. Ti es diferente...» Pero ata que o

pelo non volveu ser o de antes da traxedia, non me sacou da casa e facíame poñer un gorro horribel que me picaba todo o tempo...

CELIA: Mira, estasme a dar envexa con tanto drama e tanta penitencia... Eu tamén teño anécdotas, ou que pensabas? Pasei dous anos nesta oficina sen poder tomar un café...

LAURA: Que?

CELIA: Antes a cafeteira estaba abaixo, nunha esquina. Para chegar a ela tiña que pasar entre as mesas de Antonio e Pereira... E estaban moi pegadas, había pouco espazo e non collía! Non collía, entendes? Nin de lado... A min encántame o café e tiña que agardar a que eles foran ao bar no seu descanso, apartar as mesas e coller unha puta cunca de café se a quería. Sabes o que custa mover esas mesas?

LAURA: Non.

CELIA: Sabes o que custa volver deixalas exactamente como estaban? E todo ás présas e correndo. Acababa suando coma unha porca e o café arrefriaba. Todo ese esforzo por unha cunca dun péximo café frío... Un día, algún tempo despois, a cafeteira apareceu noutro sitio. Un sitio amplo e accesíbel... Pero eu xa deixara de tomar café... Non sei por que che estou contando isto, cando o que quero é estamparche a cabeza contra a parede...

LAURA: Para pasar o tempo, como estamos atrapadas as dúas...

CELIA: Ti si que estas atrapada e o teu cárcere é ben estreito, nena... Oe, de que risas falabas antes?

LAURA: Das da festa...

CELIA: Que festa?

LAURA: A festa de beneficios da empresa...

CELIA: Ah, si... Que pasou na festa? (*de pronto Celia lembra e bótase a rir*) Coido que xa sei de que falas...

LAURA: Eu escoitaba o discurso entusiasmado de don Roberto felicitándonos e felicitándose polo ben que concluíra o ano. Boa parte dese mérito era meu... Ben, vale, noso... E cando anunciou a apertura da nova franquía en Roma, a min deume un chimpo o corazón. Por fin, o meu premio! «A persoa escollida para desempeñar o cargo de xerencia da nova sucursal é alguén da miña absoluta confianza. Alguén cunha abnegada entrega á empresa, impecábel, dilixente, resolutive, voluntariosa, por favor, pídovos un caloroso aplauso para...» Laura! Laura García! Escoiteino claramente...Laura!... Escoiteino! E alá me fun con paso decidido, con sorriso aberto, mirando a todos os lados, saudando con bágoas nos ollos... Camiño do Óscar...

CELIA: Vaia cara se che puxo cando chegamos as dúas ao estrado e Roberto che dixo: Vaia, Laura, aprecio o seu entusiasmo pero por agora só imos abrir unha...

LAURA: Todo o mundo se ría de min...

CELIA: É que foi gracioso, muller...

LAURA: Non! Facía máis graza porque me pasou a min! E os días seguintes tiven que soportar as risiñas e as miradiñas de todo o mundo...

CELIA: Que ansia protagonista... Somos crueis por natureza, Laura...

LAURA: Comigo máis! Todas estabades moi contentas de que fixera tanto o ridículo.

CELIA: Mira, ao pouco tempo de chegar aquí, traballaba en contabilidade un pallaso que se chamaba

Xunqueira, era o chistoso da oficina, xa sabes, deses que non teñen puta graza. Ben, pois no aniversario de Berta, ti non a chegaches a coñecer, compramos unha torta e esas cousas... Xunqueira ofreceuse a cortala. Fixo dúas metades, unha partiuna en anacos e repartiuna e a outra metade deuma a min cun garfo pinchado no centro. Que sabandixa... Alguén lle dixo: Xunqueira, hai cousas que non teñen graza e eu: Non, non... Se non pasa nada... Cando o que quería era facerlle comer a torta enteira, e alí quedei con cara de idiota, sorrindo, como para que entendesen que eu son unha persoa con moito sentido do humor e que sabe aceptar unha broma. Se lle patease os collóns alí mesmo quedaría máis a gusto e así ao mellor non daba tanta pena. Agora quizais o faría, fíxate ti... Oe, Laura... Como non conteste ao teléfono, Roberto vaise preocupar. Pode que incluso se lle ocorra chamar a policía...

LAURA: A policía? Por que? A xustiza está da miña parte, non? A que vén a policía?

CELIA: A xente chama a policía cando outra xente desaparece, non o pensarás?

LAURA: Si... Non... Tes razón... E se resulta que de verdade lle importas? Que facemos? Xa sei! Valo chamar e... E vaslle dicir... Vaslle dicir... Que lle podes dicir?

CELIA: Que a tarada de Laura García me ten secuestrada?

LAURA: Non, iso mellor que non... Porque como fagas algo así, xúroche que collo o teléfono, empezo a tirar de axenda e monto un escándalo, que che parece? Teño que facer pis; non podo pensar con tanta presión... Non te movas!

(En canto fica soa, Celia tenta alcanzar o teléfono que quedou a certa distancia. Cólleo e logra facer unha chamada)

CELIA: Roberto... Xa, xa... Agarda... Escóitame, cona!... Estou na oficina, non podo saír, Laura tenme esposada... Laura, home, Laura García... Que non é iso, porco... Está enaxenada, non fai máis que ameazarme, estou tratando de que non se poña nerviosa, di que quere...

(Laura entra. Celia desfaise do teléfono rapidamente sen que Laura o vexa)

LAURA: Eu xa o vexo todo moito máis claro. A conclusión é que ti falas con Don Roberto, renuncias ao posto e eu me vou a Roma: por máis voltas que lle dou non vexo outra solución máis ideal...

CELIA: Ideal é o teu vestido...

LAURA: Si, foi carísimo, sabes?

CELIA: Non, nin idea. Eu é que, como comprenderás, excuso de frecuentar eses establecementos. Ben, ás veces vou a eles, para divertirme. Encántame contemplar a cara de anguria que se lles pon ás dependentas cando me ven entrar.

LAURA: E por que fas iso?

CELIA: Por joder. Eu tamén teño algo de rabia interior, que pensabas? O dos gordos e as gordas felices é un mito, en realidade somos seres perigosos, cheos de malicia e resentimento... Unha persoa gorda é unha bomba de relaxaría, non te podes fiar, nunca sabes do que poden ser capaces, non teñen nada que perder como non sexa algún quilo e o sentido

do ridículo. Se unha persoa gorda te mira, é mellor que corras. A min pásame. Quedo mirando para un en calquera parte e cronometro canto tarda en saír correndo. Hai algúns que baten marcas, corren que se matan... Ás veces, o mundo vólvese tan estreito que a ira te cega... Acabas comendo por non empezar a hostias.

LAURA: Logo chámame a min psicópata...

(O teléfono de Celia soa)

CELIA: As persoas psicópatas son frías e normalmente escasas de volume. As persoas gordas somos máis sanguíneas, máis viscerais, actuamos de forma máis compulsiva. Podería retorcerche o pescozo igual que como un pincho de tortilla, ben... Media tortilla.

LAURA: Celia...

CELIA: Que pasa? Douche medo?

LAURA: Un pouco...

CELIA: Se me soltas serei benévola contigo e só te desfigurarei un pouquiño.

LAURA: Non bromeas con iso.

CELIA: Non estou a bromear. Vou limar as uñas na túa cara como non me soltes...

LAURA: Pero é que, Celia, se te solto, vaste e iso non o podo consentir, entendes? Porque a que debería marchar son eu, niso estamos, non? Cría que quedara claro... Eu son a que ten o móbil polo mango!... Teño que marchar, non o entendes? Non podo quedar aquí, todo o mundo me é hostil... Necesito unha palabra de apoio, unha man amiga, un comentario desinteresado... E ademais non teño a chave!

CELIA: Teño fame.

LAURA: Paréceme que teño algo no bolso, non vaias pensar que son unha persoa deshumanizada...

(Laura remexe no seu bolso)

CELIA: Barriñas enerxéticas... Vaia enchenta.

(Laura desenvolve a barriña de Celia mentres fala)

LAURA: Teñen todos os nutrientes que o corpo precisa.

CELIA: Teñen todos os nutrientes e fáltalles todo o resto.

(Laura ponlle a barriña a Celia na boca, que a papa en dous bocados)

CELIA: Carpe diem!

(Laura séntase e desenvolve coidadosamente a súa mentres fala)

LAURA: Decátaste de que a maioría das veces facemos todo sen pensar? Por exemplo, a xente come ás présas e calquera cousa e a alimentación é moi importante, creme. Lin moito sobre o asunto. Tes que ter a túa ración diaria de cada cousa: de vitaminas, de proteínas, de carbohidratos, de minerais... E depende do que comas podes comer outras cousas ou non comelas, por exemplo, se comes un bisté, cousa nada recomendábel, por certo, é mellor que non o acompañes de patacas...

CELIA: Bisté sen patacas??!!

LAURA: Tamén é importante saber a composición de cada alimento; por exemplo, os plátanos teñen potasio e ademais axudan a segregar serotonina, que é unha substancia antidepresiva que temos no cerebro, claro que para que se produza esa reacción tes que comer algo doce primeiro, o azucre fai como de transmisor, eu fágoo con sacarina, supoño que vale igual, o brócoli tamén é moi bo... E as acelgas, en xeral todas as verduras, menos os cogomelos, que dan gases, e os grelos, que son ordinarios de todo. O malo é que para comer verduras hai que cocíñalas e quen ten tempo? O mellor é...

CELIA: Queres facer o favor de comer esa merda dunha vez??!!

(Laura mete na boca o que lle queda de barriña)

LAURA: Non é bo comer con estrés!

(Unha voz dende o exterior falando por un megáfono diríxese ás dúas mulleres)

VOZ EXTERIOR: Atención, por favor, atención! Fálalles a policía!

LAURA: A policía??!!

VOZ EXTERIOR: Temos a nave rodeada, non se poña nerviosa e depoña a súa actitude!

LAURA: E como me depoño? Non estou ben así?

VOZ EXTERIOR: En breves instantes, un axente especializado chamará para escoitar as condicións. Manteñan a calma. Arranxaremos esta situación dun xeito pacífico.

LAURA: Pero quen a chamou? Que pasa? Que é isto?

CELIA: Eu falei con Roberto.

LAURA: Cando?!

CELIA: Antes, cando estabas no baño.

VOZ EXTERIOR: O mellor é que libere a refén para non lamentar danos persoais e que saia amodo e coas mans en alto...

LAURA: Eu non quero saber nada da policía! A policía non ten que meterse nisto, á policía tanto lle ten...

CELIA: Pois agora a ver como a sacas de enriba...

LAURA: Como se che ocorreu chamar? Es unha traidora!

CELIA: Traidora?

LAURA: (*Fóra de si*) Celia, axúdame! Non quero ir á cadea, nin a ningún sitio, quero quedar aquí, pechar os ollos e abrilos e que todo sexa un pesadelo. Axúdame! Dilles que marchen!

CELIA: Axudarche? Axudarche, dis? Insultáchesme, atáchesme, fixéchesme perder un avión, por pouco me matas dunha sobredose e teño que axudarche?

LAURA: Xa o sei Celia, síntoo, non sei que me pasou... Oh,. meu Deus... Oh, meu Deus...

CELIA: Pásache que tes a cabeza chea de finais felices.

LAURA: Non direi nada do teu con Don Roberto...

CELIA: Faltaría máis... Que non che esqueza que eu son unha muller libre, dona da súa vida...

(*Soa un teléfono*)

LAURA: Deus! Que fago?

CELIA: ... con capacidade de decisión. Eu xa non trago os contos de fadas, diso nada... Se tal, cómoos en revoltos...

(O teléfono soa insistentemente. Celia finxe non escoitar a Laura)

CELIA: Porque se de algo estou segura é de que non me vou agochar máis. E ti agarda a que chegue a Roma...

LAURA: Celia!

CELIA: Roma será o final do camiño, o destino esperado... Eu creo que ser gorda en Roma ten que ser distinto, á forza...

LAURA: Celia!

CELIA: Que!?

LAURA: O teléfono! Está soando! Que fago?

LAURA: Collelo!

LAURA: E que digo?

CELIA: Ah, non sei, ti saberás... Ti eras o cerebro, non? Eu son a vítima, estou esposada, ves?

LAURA: Non vou coller...

CELIA: Tarde ou cedo valo facer, que remedio che queda...

LAURA: Cólleo ti, Celia, di que todo é unha confusión...

CELIA: Si, claro... E cando entren e me vexan coas esposas postas, vai a policía e di amigabelmente: ah, vale, sigan coas súas cousas...

(Laura queda mirando para Celia, logo vai cara ao seu bolso, colle un prendedor do pelo, vai onda Celia e abre as esposas)

CELIA: A nai que te pariu...

LAURA: Son... Son unha persoa curiosa, sabes? Non sei que me pasa, éntame unha ansia incontrolábel

por sabelo todo, dende pequena xa... E fago o que sexa... As pechaduras dos caixóns dánseme moi ben e as das caixas de correos... Ao final sabes abrir unha e xa as sabes abrir todas... Só miro.. Por curiosidade... Só miro, eh?

CELIA: A hostia...

(Todos os teléfonos soan ao mesmo tempo)

LAURA: Fai algo, Celia!

CELIA: Debería empezar por cruzarche a cara

LAURA: Iso despois, Celia... Estamos rodeadas! Meu Deus, isto é o final.. Que apuro... Que vai dicir miña nai... *(Laura mira o seu móbil)* Miña nai!

CELIA: Espero que che dea outro lapote.

VOZ EXTERIOR: Laura, óeme? Oia?

LAURA: Diga?

VOZ EXTERIOR: Laura, non complique máis as cousas. Colla o teléfono, queremos falar con vostede.

LAURA: Non teño nada que dicir! Non estou! *(ao teléfono)* Mamá? Agora non podoo... Que non podoo mamá! Chámote logo... Mamá, estou na oficina... Como que?... *(a Celia)* Miña nai está aí fóra... *(ao teléfono)* Mamá, non pasa nada, vai para a casa, anda, que agora vou eu... Eu que sei, mamá! Será todo un malentendido, ás veces a policía fai estas cousas, por rutina de seguridade ou algo asi, seguro que é un... Mamá... Mamá! Que agora non podoo! *(Laura colga)*

VOZ EXTERIOR: Sabemos que está aí...

LAURA: Xa marchei!

CELIA: Queres deixar de facer a idiota? *(Celia colle o seu móbil)*

VOZ EXTERIOR: Se non sae voluntariamente imos ter que entrar...

CELIA: *(Ao teléfono)* Roberto!? Que é todo este circo? Con que viñeses ti só era dabondo, mexeriqueiro, non facía falta que chamases os Geos... Cala e escoita, imbécil. Dille á policía que todo foi un malentendido e que aquí non pasa nada, agora saímos. Non preguntes e fai o que che digo! Ou vouno ter que repetir? Non me amoles, eh? *(Celia colga)*

LAURA: Fálaslle así a Don Roberto?

CELIA: É que é coma un neno... Ben, tarada, imos saír tranquilamente de aquí, sen espaventos e con toda naturalidade, entendido? E caladas coma putas... Colle ese teléfono dunha vez...

LAURA: *(Ao teléfono)* Diga? Ola, señor policía, que tal... Si, dígame, si.. Son eu... Si... Non ho! Estou moi ben, moi tranquila, moi ben... Si, tamén está aquí, pero porque quere, eh? eu non lle fixen nada... Ela tamén está moi ben... Aquí, traballando... Armas? U-las armas? Teño un móbil, iso conta como arma?... Non, non, non está ameazada... Vostede é que non a viu, é unha persoa difícil de abarcar con ameazas... Agora llo di ela mesma, espere... *(a Celia)* Dillo ti, Celia, que parece que a min non me cre, non sei por que...

CELIA: *(Ao teléfono)* Non temos nada mellor que facer, axente? Pois non será porque non hai mangantes nos despachos dos bancos... Investigaron todas as compañías de seguros? Aí hai tomate, seguro... Que Estocolmo nin que carallo, en Roma tiña que estar eu! Todo foi un malentendido, non estou secuestrada... Si, Roberto Sanz, é o meu xefe... Non teño nin idea, entendería mal, o estrés executivo,

xa sabe... Non se preocupe, agora llo conto todo...

Xa poden enfundar... (*Celia colga*)

LAURA: E agora que?

CELIA: Agora vamos para casa.

LAURA: Saír? Pero vainos ver todo o mundo...

CELIA: É o que pasa cando montas unha escena.

LAURA: Non podo saír así...

CELIA: Con esa cara de delito non, dende logo...

LAURA: Eu quedo...

CELIA: Aquí?

LAURA: Ata que marche todo o mundo... Non quero ver a ninguén... Non quero que ninguén me vexa, que vergoña...

CELIA: Non sexas parva, Laura, se quedas van sospeitar algo.

LAURA: Non podo saír, non me responden as pernas...

CELIA: Mira, Laura, non me toques máis a moral, fai o favor de mover ese minicú!

LAURA: Non podo! Paréceme que é un ataque de pánico...

CELIA: Déixate de parvadas!

LAURA: Voume suicidar...

CELIA: Pero que dis...

LAURA: Si! Vou acabar con todo isto, estou farta, nada ten sentido, nada sae como é debido! Enganáron-me, Celia! Voume suicidar! Vou acabar con este inferno!

(Laura corre ao seu bolso, colle as pastillas e vainas meter na boca)

CELIA: Con esas seguro que acabas vomitando e coa cabeza metida no váter, como a outra... Que pouco glamour...

LAURA: (*Cuspingo as pastillas*) Pois entón tírome pola fiestra...

(*Laura corre cara á fiestra*)

CELIA: Para que te vexa todo o mundo, idiota? Non dicías que che daba vergoña?

LAURA: É verdade! Unha descarga eléctrica, mellor...

(*Corre cara ao enchufe*)

CELIA: Vaiche quedar unha melena ao afro estupenda, vas ser un cadáver moi orixinal.

LAURA: Pois entón vou cortar as veas!

CELIA: Iso, ti mancha o vestido carísimo...

LAURA: Deixa xa de boicotarme! Son unha persoa que intenta suicidarse! Podías dar ideas, non? Ser máis construtiva, achegar algo de interese... Ves como es unha persoa que non sabe traballar en equipo?

CELIA: Laura, deixa de facer a idiota, temos que saír de aquí!

LAURA: Pero como?

CELIA: Pois disimulando, coma sempre. Despois de todo o que me contaches, non creo que che sexa difícil... E a min tampouco, a verdade. Se hai algo no que somos especialistas é en facer como se non pasase nada, non si?... Ti pon cara de Sarita Montiel saíndo da súa voda: Pero que pasa? Pero que invento é isto?

(*Laura réndese e ri*)

LAURA: Celia... Sinto moito todo este barullo, non sei o que me pasou...

CELIA: Non te poñas sentimental, anda.

LAURA: Paréceme que vou cortar o pelo...

CELIA: Aínda che era mellor que cortases antes outras cousas.

LAURA: Si... O primeiro que vou facer é eliminar o meu mozo do messenger, que che parece? Total non o coñezo en persoa... E vou buscar un piso! E moito me temo que tamén un traballo...

CELIA: Pero ti non vivías soa?

(Laura mira para Celia e sorri. As mulleres van saíndo de escena)

LAURA: Miña nai leva 47 amagos de infarto, vénlle un cada vez que saco o tema...

CELIA: Que bárbaro, éche coma unha lideira familiar.... Oe, tarada, non te deixo sen pelos agora mesmo porque non lles quero dar espectáculo a eses de fóra, pero xa falaremos, eh? Xa falaremos..

LAURA: En Roma?

CELIA: Anda, pasa...

(Saen)

FIN



